

Eleccións Sindicais 2018

#4decembro



Gañarmos o FUTURO

Ensino público galego
Profesorado con dereitos



O apoio á CIG-Ensino é imprescindíbel para garantir un futuro mellor para o profesorado e o ensino público galego

O sistema educativo móvese nun contexto político e social que condiciona o noso día a día, o presente e por suposto o seu futuro. A educación no seu conxunto e o profesorado en particular fomos vítimas de ataques permanentes aos nosos dereitos laborais no marco dunha crise do capitalismo que foi usada como coartada para debilitar os servizos públicos. Vivimos anos de reducións salariais, con especial relevancia en Galiza polos recortes nas pagas extras, de perda do poder adquisitivo, de destrución de emprego e inestabilidade, de empeoramento das nosas condicións de traballo. Despois da fase aguda desas agresións, o poder político e económico non está disposto a devolver todo o que nos arrebatou, e como noutras ocasións, atopa complicidades vergoñentas. Por iso, **máis que nunca, é fundamental continuar** apoiando o modelo sindical da CIG-ENSINO como garante de **firmeza, implicación e defensa permanente do profesorado e do ensino público galego.**

Reforzar á CIG-Ensino é apostar pola ferramenta máis útil para facer fronte á política educativa e de persoal da Xunta

A mesma Xunta nas mans do PP que foi vangarda en todo o o Estado nos recortes dos dereitos laborais do profesorado mantén aínda agora unha posición pechada a recuperarmos a condicións nas que desenvolver o noso traballo, desde a xornada lectiva ás ratios, desde a xestión democrática nos centros á presenza do noso idioma nas aulas, desde a falta de recursos para atender a diversidade a devolución das pagas extras, desde un incremento real e xusto do noso salario á redución da carga burocrática. Mentres se mantén o incremento de fondos para o ensino concertado, mesmo para funcións non financiadas no ensino público, e se subvencionan centros integristas que segregan sexualmente o seu alumnado, os cadros de persoal nos centros públicos perden docentes curso tras curso.

A chegada do PSOE ao goberno español veu acompañada de declaracións de intencións e dalgũa proposta positiva mais non dun verdadeiro empeño por cumprir cos compromisos adquiridos de derrogar a LOMCE e fixar un marco de negociación centrado nos principios dunha educación pública garante da igualdade de oportunidades, laica, descentralizada e respectuosa co carácter plurinacional e plurilingüístico do Estado, desterrando a segregación e o clasismo e colocando o profesorado prestixiado no centro das tomas de decisión.

Diante destas realidades, tanto pasadas como presentes, a CIG-ENSINO implicouse na mobilización do profesorado, primeiro para nos defender da política involucionista e impedir maiores e máis graves consecuencias e despois para loitar pola recuperación do que nos roubaron, mais non a calquera prezo nin suplantado e desprezando a vontade do profesorado, claramente expresada na campaña de recuperación de dereitos promovida polo sindicato e que contou co respaldo de case 12.000 docentes.

A CIG preséntase a estas eleccións cun balance de traballo sindical intenso na defensa do ensino público e o profesorado

A CIG-Ensino tivo durante estes anos un papel destacado e imprescindible na conflitividade e a problemática do ensino público.

A perseveranza na destrución dos servizos públicos e das conquistas sociais e laborais do profesorado por parte dos gobernos da Xunta e do Estado leváronnos á **mobilización permanente**. Participamos en diferentes plataformas para conxuntar a máxima forza posíbel e así combater os continuos ataques aos que fomos sometidos e sometidas. Compaxinamos peches, concentracións, manifestacións e outras accións mobilizadoras co **traballo informativo e de axitación nos centros**, con miles de asembleas todos os cursos e en todos os centros, con recollidas de sinaturas, resolucións de claustros e consellos escolares, consecuentemente co noso modelo sindical.

Asumimos como prioridade o combate á LOMCE e a súa derogación como obxectivo final. Fomos quen de marcar unha clara diferenza nesta resposta, sendo Galiza o a que achegou unha maior resposta nas mobilizacións e cuns mellores resultados no boicot ás reválidas. Mais sabemos que queda moito por facer e non baixamos os brazos. A loita pola recuperación debe manter a mesma intensidade que a da defensa fronte as agresións, gañando un futuro que nos pertence.

Impulsamos protestas, denuncias e campañas contra todo tipo de agresións e recortes

- Ampliación do horario lectivo do profesorado.
- Redución dos cadros de persoal e a aplicación de taxas de reposición nas oposicións.
- Supresión de unidades e peche de colexios.
- Incremento das ratios e falta de apoios a alumnado con NEAE.
- Paralización de chamamentos de substitucións.
- Redución dos nosos salarios e eliminación das pagas extras.
- Redución dos orzamentos dedicados ao ensino público.
- Concertos a centros que segregan por razón de xénero e subvención a postos de traballo non existentes nos centros públicos.
- Abuso de autoridade da inspección educativa e dos cargos políticos da Consellaría.
- Arbitrariedade e falta de transparencia nas vacantes do concurso de traslados.
- Denuncias da alta provisionalidade nos centros dos perfís das prazas no CADP.
- Restricións e atrasos en determinadas partidas para os centros docentes (comedores, normalización...)
- Ausencia de material didáctico en galego.
- Modelo da FP dual e de xestión dos CIFP.
- Despedimento de profesorado interino e redución dos cadros de persoal.
- Deficiencias no servizo de revisións médicas privatizado.
- Defensa da nosa saúde laboral e dos nosos dereitos fronte ao descontos por enfermarse.
- Boicot masivo ás reválidas da LOMCE.

Mobilización permanente en todos os ámbitos

Non hai loita pequena que deba ser desbotada nin grande que deba ser temida. A acción sindical, no modelo que representa a CIG-ENSINO, debe ser permanente e acaída a cada ámbito de actuación.

É fundamental a participación do profesorado como verdadeiro protagonista en cada batalla que se libra. Así, a CIG-ENSINO ensino defendeu no Parlamento Galego en 2015, poucos meses despois das últimas eleccións sindicais, o resultado da **Iniciativa Lexislativa Popular** que promovía unha Lei Galega de Educación e a recuperación dos dereitos do profesorado, contando co único voto en contra do PP. Foi unha lección de democracia que sentou as bases para un discurso permanente da CIG-ENSINO para gañar o que nos arrebataron. O recente **apoio de case 12.000 docentes ás medidas urxentes para o profesorado galego** son unha evidencia de que os problemas continúan e quen loita por superalos mantén a firmeza na protesta.

Mantivemos a única **posición crítica fronte a diferentes acordos a nivel de Estado** entre os sindicatos habituais e o PP ao ser non só insuficientes no salarial ou na eliminación transitoria da taxa de reposición, senón porque supoñen un auténtico lastre de cara ao futuro.

Levamos con dignidade a voz do profesorado a unha **negociación fraudulenta e tramposa** na que, co envoltorio dunha falsa homologación, se pretendía negar toda posibilidade de acadar melloras nas nosas condicións de traballo e de recuperar o que o goberno Feijóo nos roubou.

Resolvemos numerosas xestións, tanto colectivas como individuais, e gañamos importantes sentenzas xudiciais, entre as que destacamos:

- Gañamos as primeiras sentenzas que ocasionaron a **devolución** a todo o profesorado da parte proporcional da **paga extra** do 2013, como xa acontecera coa do 2012.

Ensin público galego **Profesorado con dereitos**

- Conseguimos o recoñecemento como **servizos prestados** (a efectos de trienios e sexenios e de xubilación) **do tempo de vacacións** non desfrutadas.
- Defendemos nos xulgados a **conversión de contratos de substitución en interinidades**, cando a praza fica vacante ou cando a persoa titular non se incorporara a 30 de xuño.
- Gañamos en vía xudicial o recoñecemento de **enfermidade profesional** en casos de accidente no camiño ao traballo (“in itinere”) e conseguimos a **devolución de descontos en baixas** provocadas por intervencións cirúrxicas menores que a Consellaría non tiña en conta e reducía o salario desde o 1º día.
- Abrimos unha vía novidosa na xurisprudencia galega na **defensa da saúde laboral** ao conseguir a adaptación do horario lectivo por motivos de saúde.
- Presentamos recursos contra o **enchufismo no concurso de traslados**, en casos nos que quedaba claro o uso arbitrario da oferta de vacantes para colocar a persoas aíns ao PP, nun caso mesmo sen existir horario da especialidade no centro.
- Conseguimos que unha sentenza tirase abaixo o abuso da Consellaría á hora de xogar coas **vacantes do cxt** entre a oferta provisional e definitiva, anulando a retirada de vacantes sen xustificación, o que provocou un cambio xa neste último cxt.
- Promovemos un recurso contra a obriga de elixir **Relixión en 1º de Bacharelato** para poder cadrar os horarios das materias específicas.
- Presentamos diferentes recursos para o recoñecemento do dereito a percibir unha **indemnización no caso de cese do persoal interino**, neste caso con resultados contraditorios de diferentes tribunais galegos.
- Gañamos unha sentenza que delimita as funcións das direccións dos centros ao respecto do comedor escolar, anulando o abuso de autoridade da Xefatura Territorial de Pontevedra ao impor tarefas impropias do profesorado.

O noso traballo, quer no campo da xestión diante da administración, da acción xudicial, da mobilización ou da participación en diferentes plataformas, foi unha constante, sempre fundamentado en análises das causas e das posíbeis propostas ou alternativas que contasen co apoio do profesorado.

Así, desenvolvemos **estudos sobre as adxudicacións de destinos provisionais** para denunciar os efectos do “cupo” de profesorado en secundaria e o aumento de itinerancias en primaria. Denunciamos, con datos concretos, exemplos do **alto índice de provisionalidade** nos centros para conseguir o aumento de prazas definitivas e a redución do tempo en expectativa. A análise da realidade da atención á diversidade, cun estudo previo do profesorado de todos os centros, trouxo consigo un incremento elevado das prazas de **orientación, PT e AL** no concurso de traslados.

Mantivemos un intenso traballo de axitación e denuncia no seo de diferentes plataformas, especialmente polo seu papel contra a LOMCE coa **Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público**, mais tamén en **Queremos Galego**, a Mesa Galega de Educación no Rural, Plataforma Galega en Defensa das Ensinanzas Artísticas Superiores e Plataforma Galega en Defensa dos Servizos Públicos.

Participamos activamente presentando numerosas propostas e emendas a toda a normativa educativa que foi materia de debate, consideración ou ditame no Consello Escolar de Galiza, Consello Escolar do Estado, Consello Galego de Formación Profesional e Consello Xeral de Formación Profesional do Estado.

Somos un sindicato galego, o único con centro de decisión na Galiza e comprometido co noso país. A CIG-ENSINO persegue a galeguización do ensino, a plena normalización lingüística, un marco galego de negociación colectiva e melloras nas condicións laborais do profesorado galego. Somos un sindicato sen intermediarios externos e non condicionado polas decisións tomadas en Madrid. Un sindicato de clase que loita pola emancipación de todos os traballadores e traballadoras e da nación galega.

Son moitas as razóns para apoiar á CIG-Ensino

Defendemos un ensino galego, público, gratuíto, laico, democrático, coeducativo e inclusivo e que eduque para a paz, a conservación do medio ambiente, a igualdade, a solidariedade e a xustiza social.

Ensin público galego **Profesorado con dereitos**

O obxectivo do noso traballo e acción sindical é o profesorado galego, o ensino público e a súa galeguización. A CIG-ENSINO é a única organización sindical nacionalista galega e, en consecuencia, as nosas propostas decídense aquí, sen interferencias alleas, e nelas ten a palabra, única e exclusivamente, o profesorado galego. Por iso, pretendemos reforzar o marco galego de negociación e termos capacidade total para legislar a favor do ensino público galego e así dar resposta satisfactoria ás reivindicacións laborais e educativas do profesorado galego.

Promovemos e **organizamos numerosas actividades de formación do profesorado** orientadas á galeguización do ensino e á innovación educativa e metodolóxica. Contamos con **diferentes servizos, entre eles, unha asesoría xurídica** que é unha garantía da defensa dos nosos dereitos e que ten recoñecida solvencia polas sentenzas gañadas.

O apoio á CIG é a mellor maneira de combater a política educativa españolizadora, segregadora, antidemocrática, clasista e privatizadora que o PP mantén desde a Xunta de Galiza mais tamén para afrontar o continuísmo que poda levar adiante nesta nova etapa o PSOE desde Madrid.

O apoio á CIG é **apostar pola galeguización do ensino**, que pasa pola derogación do Decreto de plurilingüismo, co obxecto de acadar a plena normalización lingüística no ensino e defender que o idioma vehicular do ensino sexa realmente o galego.

O apoio á CIG significa **defender un ensino laico** no que a relixión non teña cabida no currículo escolar.

O apoio á CIG-ENSINO é procurar un sistema educativo galego, inserido na nosa realidade nacional, baseado no ensino público, na equidade, na inclusión e igualdade de oportunidades, na prevención do fracaso escolar, na xestión democrática dos centros e na revalorización da función docente.

O apoio á CIG-ENSINO é apostar por un estatuto galego do profesorado que restituía os nosos dereitos salariais e laborais e recolla medidas para valorar o noso traballo docente, a mellora das nosas retribucións, o dereito indefinido á xubilación anticipada para o profesorado de ingreso anterior ao

2011 e o recoñecemento deste dereito para o resto, a formación dentro do horario lectivo, o dereito a obter destino definitivo nun máximo de 2 anos após aprobar as oposicións, a redución da xornada aos maiores de 55 anos sen diminución de haberes, a redución das ratios e o incremento de recursos para unha atención adecuada á diversidade.

O apoio á CIG supón apostar por un ensino galego público e de calidade e rexeitar os concerto educativos que supoñen desviar grandes sumas de diñeiro público a centros privados, moitos deles con idearios de centros reaccionarios e confesionais. É un voto a favor da total gratuidade do ensino e dunha educación ao servizo da transformación e liberación de Galiza.

Apoiando á CIG defendes

- **Un modelo sindical plural, democrático e participativo** que pretende superar o modelo sindical actual, reclamando como fundamental e imprescindible elixir delegados e delegadas en cada centro de traballo. Un modelo sindical que representa e non suplanta a vontade dos traballadores e das traballadoras.
- **Un modelo sindical próximo ao profesorado** que dá prioridade ao contacto directo e á solución dos problemas que afectan o profesorado, con asembleas nos centros, asembleas de diferentes colectivos, encontros, debates, xornadas, plataformas e mobilizacións. Un sindicato firme, eficaz e eficiente, capaz de dar respostas acaídas a todos os conflitos e sempre ao servizo do profesorado. A nosa traxectoria rei- vindicativa, avalada co apoio do 46% do profesorado nas últimas eleccións, contraposta ao sindicalismo reformista e colaboracionista, é a mellor garantía para o profesorado, porque asumimos como propios os seus problemas e a súa defensa.

Cando apostas pola CIG estás a demandar

- A recuperación de todos os dereitos laborais e profesionais do profesorado, comezando polos recollidos na campaña de 10 medidas urxentes apoiada por 11.915 docentes.

Ensin público galego **Profesorado con dereitos**

- A restitución dos horarios no camiño de acadar o máximo de **18 períodos lectivos** para todo o profesorado.
- A eliminación da obriga de vivir o **transporte escolar**.
- **A restitución dos nosos dereitos salariais**: percepción do 100% do salario nas baixas, do 100% das pagas extraordinarias, a recuperación do poder adquisitivo desta última década e unhas subas salariais anuais como mínimo iguais ao IPC.
- **A mellora da calidade** do ensino público galego.
- **A aprobación dunha lei do sistema educativo galego** baseada no ensino público, galego, laico, coeducativo e democrático e nun plan orzamentario que amplíe a dotación para a Educación no camiño de chegar ao 7% do PIB.
- **Uns cadros de persoal amplos** e suficientes que garantan especialistas e orientadores e orientadoras en todos os centros, que eviten impartir afíns, que reforcen o traballo de tutoría, que impidan a mobilidade funcional e xeográfica forzosa do profesorado, que rematen coa provisionalidade e garantan a atención á diversidade.
- **A redución de alumnado por aula**: até un máximo de 15 en educación infantil, 20 en primaria e secundaria e 25 en bacharelato, coas necesarias reducións cando se escolariza alumnado con necesidade específica de apoio educativo e computando o alumnado repetidor. Redución de número de alumnado, como máximo 12 alumnos e alumnas por aula nas clases de lingua estranxeira.
- **A xestión democrática dos centros. Soberanía do claustro no ámbito pedagógico- didáctico e laboral-profesional**. Elección democrática das direccións dos centros, incluídas as dos centros integrados de FP.
- **Maiores orzamentos para o ensino público** e, por tanto, maiores dotacións para centros.
- **Supresión das subvencións e concertos ao ensino privado** e prohibición nos centros que segregan o alumnado por sexo.
- **Oferta suficiente de prazas nos centros públicos** en todos os niveis educativos.
- **Supresión das taxas de reposición**. Cobertura de todas as vacantes existentes, incluídas as xeradas por xubilación.
- **Ofertas públicas amplas de emprego** para dotar de profesorado suficiente os centros e crear emprego.

- **A estabilidade no posto de traballo para o profesorado interino.**
Modificación da lei para aplicar un acceso diferenciado para o profesorado que prestou servizos á Administración e acordo de estabilidade a nivel galego.
- A retribución e o recoñecemento para todos os efectos administrativos dos cargos e coordinación cubertos por profesorado substituto.
- **A restitución do contrato de verán** para o profesorado con 5 meses e medio traballados.
- Ampliación do contrato de **substitución máis alá do 30 de xuño** se non se incorpora o titular.
- **Cobertura inmediata de todas as baixas.**
- Adscrición das Ensinanzas Artísticas Superiores á Universidade.
- **Unha nova planificación do sistema educativo no medio rural** que garanta o dereito a escolarizar os nenos e nenas no seu medio, cos medios e recursos necesarios e todos os servizos complementarios.
- **A promulgación dunha nova normativa para acollerse á xornada única**, na que só sexa necesaria unha participación do 50% dos pais ou nais e o voto favorábel dos 2/3 dos votantes.
- **O restabelecemento da xornada reducida matinal de 4 horas** en xuño e setembro.
- **Un sistema retributivo que impida a xerarquización, estratificación e división do profesorado.** Camiñar cara o corpo único tamén en materia retributiva, co obxectivo da xeneralización do nivel 26 de complemento de destino para todo o profesorado.
- **A negociación dun novo acordo retributivo no ensino** que parta de cero, obviando a negociación trampa de finais do curso 2017/18, e no que a equiparación salarial se faga partindo das retribucións reais que se perciben en todo o Estado.
- **A restitución dos nosos salarios e das pagas extras.** Estabelecemento dun **fondo de compensación** plurianual que recupere a perda de poder adquisitivo dos últimos anos. Dereito á cláusula de revisión salarial.
- **Restitución do acordo sobre o Fondo de Acción Social**, destinando o 1% do Capítulo I dos orzamentos da Xunta.
- **Recuperación das compensacións económicas das prestacións de MUFACE.**
- A dotación en todos os centros de **servizo de comedor propio** e oferta gratuíta das **actividade extraescolares.**

Ensin público galego **Profesorado con dereitos**

- O restabelecemento da **gratuidade dos libros de texto** e de todo o **material didáctico** en educación infantil, primaria e eso.
- **Redución da burocracia para o persoal docente.** Dotación e ampliación de persoal de administración e servizos en todos os centros públicos
- Dotación de persoal **coidador** así como doutro persoal específico onde sexan necesario (**persoal educador, traballadoras sociais, persoal técnico de linguaxe de signos, etc.**)
- **A formación permanente do profesorado**, gratuíta para todo o profesorado e dentro do horario lectivo. Restitución das licenzas por estudos e dereito universal a ter unha licenza de estudos ao longo da vida profesional. Restitución da matrícula gratuíta na Universidade.
- A elaboración dun **cadro de enfermidades profesionais** do persoal docente e o recoñecemento destas a todos os efectos legais.
- **Dereito indefinido á xubilación voluntaria aos 60 anos** e 25 de servizo ou 30 anos de servizo co 100% das retribucións. Xubilación **obrigatoria aos 65 anos.**
- **A redución da xornada lectiva** para as persoas maiores de 55 anos, sen perda das súas remuneracións.
- **A modificación do actual sistema de promoción interna do profesorado**, incluíndo todo o profesorado dos actuais corpos docentes nun único corpo.
- O establecemento de procedementos para o **acceso á docencia e ao labor investigador nas universidades** do profesorado de todos os actuais corpos docentes non universitarios.
- **Unha nova ordenación da orientación escolar, dotación de orientadores e orientadoras en todos os centros e comarcalización** dos equipos específicos.
- **Ampliación dos postos de PT e AL** para mellorar a atención á diversidade.
- Catalogación de **prazas de AL nos IES** nas que sexa precisa e permanente esta necesidade.
- A elaboración e posta en marcha dun plano de **medidas de prevención e redución do fracaso escolar.**
- **A activación dun plano integral de convivencia escolar** coas medidas e recursos necesarios.
- **A oferta nos IES e CFP da formación ocupacional e continua**, incluíndo esas horas no horario xeral do centro para os efectos de fixar os cadros de persoal.

- **Derrogación da LOMCE, da Lei de convivencia, do Decreto de comedores e de admisión do alumnado e das normas e decretos mediante os cales se aplicaron os recortes durante estes anos.**
- **Programa de loita contra a discriminación sexual e de xénero nos centros educativos galegos**, comezando polo desenvolvemento real da normativa galega e a implantación de plans de coeducación en todos os centros educativos.



A cluster of white, five-pointed stars of varying sizes is positioned in the top-left corner of the page, creating a decorative header element.

CANDIDATURAS

Candidatura A CORUÑA

- 1 Suso Bermello García
IES Agra de Leborís / A Laracha
- 2 Antonia Martínez Díaz
IES Carballo Calero / Ferrol
- 3 Ana Rodiño Domínguez
IES Camilo José Cela / Padrón
- 4 Divina Núñez López
CEIP Juan Fernández Latorre / A Coruña
- 5 Teresa Carballido Salgado
CEIP A Solaina / Narón
- 6 Diego Boquete Sánchez
CEIP Campomaioir / Ordes
- 7 Afonso Varela Vidal
CPI Zas / Zas
- 8 Sofía Rama Lourenzo
IES Félix Muriel / Rianxo
- 9 Antón Ferreiro Ladra
IES Concepción Arenal / Ferrol
- 10 Mercedes Queixas Zas
CPI Alcalde Xosé Pichel / Coristanco
- 11 Mercedes Maril Yáñez
CEIP Monte dos Postes / Santiago
- 12 Lois Sánchez Meizoso
CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro / Ferrol
- 13 María Barca Gómez
CEIP Manuel Murguía / A Coruña
- 14 Xosé M. Palacio Perulero
IES As Fontiñas / Santiago
- 15 Patricia Varela Fernández
IES Monte Neme / Carballo
- 16 Félix Paz Castañal
IES Terra de Xallas / Santa Comba
- 17 Nicolasa Castro Monteiro
IES Fernando Esquio / Neda
- 18 M^a Carme Iglesias Iglesias
CEIP Alborada / A Coruña
- 19 Carlos Luis Rodríguez Calvente
CEE Manuel López Navalon / Santiago
- 20 Ana Abalo de Dios
CEIP Recimil / Ferrol
- 21 Moncho González López
CRA de Teo / Teo
- 22 Celia M^a Armas García
IES Salvador de Madariaga / A Coruña
- 23 Rubén Neira Caridad
CEIP Sofía Casanova / Culleredo
- 24 Marta Barca Gómez
CEIP Milladoiro / Malpica
- 25 Santiago Varela Pedreiro
IES Fene / Fene
- 26 Mercedes Alonso Padrón
CEIP de Barouta / Ames
- 27 Francisco Iglesias Sánchez
CEIP Virxe do Portal / Sobrado dos Monxes
- 28 Isabel Laya López
CEIP Ponte dos Brozos / Arteixo
- 29 David Martínez Millán
IES Mugardos / Mugardos
- 30 María Buño Vázquez
IES Fontexería / Muros
- 31 Esperanza Moreiras Cuñarro
EOI de Santiago de Compostela / Santiago
- 32 Érica Órdoñez Pardo
CEIP Eduardo Pondal / Ponteceso
- 33 Alba Carril Casanova
CPI de Vedra / Vedra
- 34 Manuel César Vila
CIFP Politécnico / Santiago
- 35 Paula López Fraga
CEIP Virxe do Mar / Narón
- 36 Xoán Andrade Vidal
IES de Oroso / Oroso
- 37 Paz Pita Vázquez
CMUS Superior / A Coruña
- 38 Jesús Ledo Calvo
IES Moncho Valcarce / As Pontes
- 39 Celeste Seoane Míguez
EOI da Coruña / A Coruña
- 40 Ángeles Pacoret Rodríguez
CEIP Fogar / Carballo
- 41 Xoán Bautista Mariño Abuín
IES Ramón Caamaño / Muxía
- 42 Cristina Fernández González
CRA Narón / Narón
- 43 Matilde Pardiñas Suárez
IES da Pobra do Caramiñal / A Pobra do Caramiñal
- 44 Xabier Rodríguez Laya
CEIP O Areal / Camariñas
- 45 Cristina Andrade González
IES N^o 1 / Ribeira
- 46 M^a Reyes Montero Vale
CPI Atios / Valdoviño
- 47 Arturo Iglesias Fernández
CIFP Ánxel Casal / A Coruña
- 48 Verónica González Rodríguez
CEIP Isidro Parga Pondal / Oleiros
- 49 M^a Xosé Fernández Rivas
IES Milladoiro / Ames
- 50 Fernanda Martínez Sísoto
CPI As Mirandas / Ares
- 51 Carme Fiaño Gándaras
CEIP María Pita / A Coruña
- 52 Pascual Fernández Martínez
CEIP Felipe de Castro / Noia
- 53 M^a Xosé Bravo San José
IES Zalaeta Menéndez-Pidal / A Coruña
- 54 Pilar Junquera Colmeiro
CEIP Apóstolo Santiago / Santiago
- 55 Catuxa Pita Evia
CMUS Xan Víaño / Ferrol
- 56 Inmaculada Otero Varela
IES Blanco Amor / Culleredo
- 57 Xavier Ferro Pascual
IES Terra de Xallas / Santa Comba
- 58 María do Mar Fernández Polo
CEIP José María Lage / Ortigueira
- 59 Fernando Díaz-Castroverde Gómez
IES María Casares / Oleiros
- 60 Sira Vidal Laxe
IES Rosalía de Castro / Santiago
- 61 Guillermo Pita López
IES Punta Candieira / Cedeira
- 62 Xusto Martínez Lema
CEIP Juana de Vega / Oleiros
- 63 Belén Fernández Guzmán
IES de Melide / Melide
- 64 Virxinia Rodríguez Álvarez
IES Fin do Camiño / Fisterra
- 65 Antón García Freire
EASD Mestre Mateo / Santiago
- 66 Mercedes Saavedra Díaz
CPI A Xunqueira / Fene
- 67 María Xesús Lema Lareo
IES Alfredo Brañas / Carballo

- 68** Serxio Núñez Martínez
EEI de Muros / Muros
- 69** Xosé Uxío Cerecedo González
IES Cabo Ortegal / Cariño
- 70** Alfonso Salgado García
IES Elviña / A Coruña
- 71** Jorge Fernández Guzmán
CPI Pontecarreira / Frades
- 72** Teresa Cornide Ramos
CEIP Juan de Lángara / Ferrol
- 73** M^a José Pousa Rodríguez
Asesoría Bibliotecas Escolares / Santiago
- 74** M^a Carmen Liñares Liñares
CEIP Agro do Muíño / Ames
- 75** Dulce Fernández Graña
IES Afonso X / Cambre
- 76** Iria Mayer Mayer
IES Xelmírez I / Santiago
- 77** Lucía Fernández Pereira
CEE Terra de Ferrol / Ferrol
- 78** Ramón Echeverri Caamaño
IES Manuel Murguía / Arteixo
- 79** María Parada Pena
CPI da Picota / Mazaricos
- 80** Mauricio Castro López
EOI Ferrol / Ferrol
- 81** Almudena Feal Díaz
CEIP Eugenio López / Cee
- 82** María Luz Cures Vázquez
IES Cacheiras / Teo
- 83** M^a Victoria Mosquera López
IES Leixa / Ferrol
- 84** Xosé Lois Otero Miragaia
IES Viós / Abegondo
- 85** Marisol Castellanos Merayo
IES San Clemente / Santiago
- 86** Andrés Otero Martínez
CEIP Francisco Vales Villamarín / Betanzos
- 87** Esther Rodríguez Muñoz
IES Nº 1 / Ordes
- 88** Daniel Bogo Varela
IES Fene / Fene
- 89** Mónica Calvelo Ponte
CEIP Wenceslao Fernández López / Cambre
- 90** Montse Pernas Bellas
IES Virxe do Mar / Noia
- 91** M^a Dolores Pazos Vilela
IES Terra de Trasancos / Narón
- 92** Anxo Gómez Sánchez
IES Carral / Carral
- 93** Ignacio Portela Gómez Macías
CPI Víaño Pequeno / Trazo
- 94** Alberto Fernández Díaz
IES Canido / Ferrol
- 95** Xosefa M^a Suárez Ares
CEIP O Mosteirón / Sada
- 96** Alonso Barreiro Caxade
CEIP Barouta / Ames
- 97** Carme Gasamáns Chento
IES Miraflores / Oleiros
- 98** Beatriz De la Torre Díaz
CEIP Santa Baia / Boiro
- 99** Ana Areda Figueirido
CEIP Nicolás del Río / Cedeira
- 100** Henrique García Vázquez
CEIP San Pedro de Visma / A Coruña
- 101** Helena González Saavedra
IES Leliadoura / Ribeira
- 102** Xesús Bermúdez Vivero
IES Castro da Uz / As Pontes
- 103** M^a Teresa Araújo García
IES Terra de Soneira / Vimianzo
- 104** Marcelo Vidal García
CIFP Compostela / Santiago
- 105** Cecilia Pantín Fernández
CEIP Cruceiro de Canido / Ferrol
- 106** José Luis Antas Ramos
CEIP Concepción Arenal / A Coruña
- 107** Xoán Cabo Pérez
CEIP de Pedrouzos / Brión
- 108** M^a Amalia Rodríguez López
CEIP Isaac Díaz Pardo / Culleredo
- 109** Agustín Agra Barreiro
IES A Cachada / Boiro
- 110** Francisco Belhauari Rey
Centro de Especialidades Antonio Escaño / Ferrol
- 111** Manuel Ángel Meijide Cao
CEIP Vicente Otero Valcárcel / Carral
- 112** Rosa María Conde Vieiro
IES Lamas de Abade / Santiago
- 113** Cruz López Ardao
IES Concepción Arenal / Ferrol
- 114** Teresa Fiaño Gándaras
IES Fernando Wirtz Suárez / A Coruña
- 115** Bartolomé Sanmartín Caamaño
CEIP Portosín / Porto do Son
- 116** José Antonio García Mato
IES Ortigueira / Ortigueira
- 117** Emma Abella Cruz
IES Eduardo Pondal / Ponteceso
- 118** Santiago Robado Gaudeoso
IES Virxe do Mar / Noia
- 119** Francisco Barba González
IES Rego de Trabe / Culleredo
- 120** Gloria Martínez Vidal
CEIP do Camiño Inglés / Oroso
- 121** Rocío Romar Roel
IES Urbano Lugoís / Malpica
- 122** Rosario Otero Souto
CPI San Sadurniño / San Sadurniño
- 123** Moisés Iglesias González
IES Xelmírez II / Santiago
- 124** Enrique Guillén Blanco
CEIP A Gándara / Narón
- 125** Carlos Couceiro Tenreiro
CEIP Emilia Pardo Bazán / A Coruña
- 126** Helena Varela Rodríguez
CEIP Fríons / Ribeira
- 127** Manuela Allegue Pérez
CEIP Isaac Peral / Ferrol
- 128** Félix Longueira Fafián
IES Otero Pedrayo / A Coruña
- 129** Xosé M. Casaleiro Fernández
CEIP Pío XII / Santiago
- 130** Marta M^a Añón Montes
CEIP Bergantiños / Carballo
- 131** Xoán Manuel Alves Tomé
IES Xulián Magariños / Negreira
- 132** M^a Isabel Serantes Gómez
CEIP Os Casais / Fene
- 133** Xosé Manuel Alonso Rodríguez
CEIP Tarrío / Culleredo
- 134** María do Carme Álvarez Garea
CEIP da Ramallosa / Teo
- 135** Sonia Corral Almeida
CEIP San Ramón / Moeche
- 136** María Figueroa Coteló
CEIP Galán / Arteixo
- 137** Mónica Picos Martínez
CEIP Xacinto Amigo / Val do Dubra
- 138** Rafael Rodríguez Martínez
IES Canido / Ferrol
- 139** Isabel Romero Barciela
CIFP Imaxe e Son / A Coruña
- 140** Jesús Fernández García
CPI Pecalama / Tordoia


Candidatura A CORUÑA

- 141** Miguel Ángel Rodríguez Sanmartín
IES Universidade Laboral / Culleredo
- 142** María Paz Peña Villamide
IES de Ames / Ames
- 143** Patricia Romero Rodríguez
IES Carballo Calero / Ferrol
- 144** Amelia Rodríguez Estéves
CPI O Cruce / Cerceda
- 145** Marcos Gómez Maroño
IES Campo San Alberto / Noia
- 146** Miguel Ortega Souto
IES Catabois / Ferrol
- 147** Alexandra Lago Fidalgo
CEIP Ría do Burgo / Culleredo
- 148** Eva Formoso Fernández
CEE López Navalón / Santiago
- 149** Manuela Santalla López
CPI O Feal / Narón
- 150** Rocío Soto Canosa
CEIP San Vicenzo / Vianzo
- 151** M^a Magdalena Rguez. Domin-
guez
CEIP Lamas de Abade / Santiago
- 152** Diego Rodríguez Pérez
CEIP O Graxal / Cambre
- 153** Néstor Rego Candamil
IES Antón Fraguas / Santiago
- 154** Manuel Cheda Villadóniga
CEIP Piñeiros / Narón
- 155** Emilio Antonio García Fernández
IES Agra do Orzán / A Coruña
- 156** Ramona Bello Fdez. de Sanma-
med
CEIP o Grupo / Ribeira
- 157** Natalia González Rouco
IES Punta Candieira / Cedeira
- 158** M^a Isabel Hortas González
CEIP Eusebio da Guarda / A Coruña
- 159** Francisco Xosé Tobar Cereijo
CPI Camiño de Santiago / O Pino
- 160** Jorge Aguado Amado
CEIP Esteiro / Ferrol
- 161** Rosa M^a Mosteiro Neira
CEIP Raquel Camacho / A Coruña
- 162** Marinha Cabaleiro Domínguez
CEIP Pumar-Urdilde / Rois
- 163** Marina Gómez Pose
IES Fernando Blanco / Cee
- 164** Juan Carlos Codesido García
CIFP Politécnico / Santiago
- 165** Irene Formoso Lago
CEIP de Louro / Muros
- 166** Ana M^a Eiroa Rial
CEIP Rosalía de Castro / A Coruña
- 167** Eliseo Ferreiro Cao
CEIP de Palmeira / Ribeira
- 168** Sonia Anido Doeijo
IES Sofia Casanova / Ferrol
- 169** Carlos Fernández Concheiro
IES Maximino Romero de Lema
/ Zas
- 170** Rocío Pillado Castro
IES Porto do Son / Porto do Son
- 171** Inmaculada Quiñoy Pita
CEIP San Francisco Xabier / A
Coruña
- 172** Suso Lojo Davila
CEIP Ramón Cabanillas / Santiago
- 173** Dores Fernández López
EPAPU Eduardo Pondal / A Coruña
- 174** María Carme Rodríguez García
CEIP de Vite / Santiago
- 175** Ana Martínez Rey
CEIP Maciñeira / Neda
- 176** Marta Pumares Varela
CPI Cruz do Sar / Bergondo
- 177** Elisa Freire Ramos
CEIP de Roxos / Santiago
- 178** Xoan Castaño Conde
CEIP de Cespón / Boiro
- 179** Lorena Croques Villaverde
CEIP María Barbeito Cerviño / A
Coruña
- 180** Ignacio Castro Tubio
CEIP de Xuño / Porto do Son
- 181** Amparo Fernández Fernández
CIFP Paseo das Pontes / A Coruña
- 182** Javier Álvarez Franco
EART Pablo Picasso / A Coruña
- 183** Ana Veira García
IES Bremao / Pontedeume
- 184** Vidal Tenreiro Allegue
CEFORE / Ferrol
- 185** Concepción Castro Pedreira
CEIP Pastor Barral / Melide
- 186** Carlos Rodríguez Rodríguez
CEIP Castelao / Ordes
- 187** Rosario Vázquez Mourín
IES Eusebio da Guarda / A Coruña
- 188** Camilo Pardo López
IES Fernando Wirtz Suárez / A
Coruña
- 189** M^a Teresa Baamonde Couto
IES Isaac Díaz Pardo / Sada
- 190** Covadonga Rodríguez Argüelles
CEIP Brea Segade / Rianxo
- 191** Xesús Paz López
IES As Mariñas / Betanzos
- 192** Nanci Barro Sueiras
IES Isidro Parga Pondal / Carballo
- 193** Sara Lavandeira García
CEIP Ramón de la Sagra / A Coruña
- 194** Héctor Filgueiras Sánchez
CIFP Ferrolterra / Ferrol
- 195** M^a José Vidal Dopazo
CEIP Portofaro / Cambre
- 196** Xosé Lois Rivera Jácome
CEIP Víctor López Seoane / A Coruña
- 197** Cristina Cambón Mariño
CEIP Otero Pedrayo / A Laracha
- 198** Paula Ferreiro Pena
IES Eduardo Pondal / Ponteceso
- 199** Xosé Manuel Nogueira Rodríguez
CIFP Ánxel Casal / A Coruña
- 200** Sonia Lebedynski Diéguez
CEIP Praia Xardín / Boiro
- 201** Daniel Asorey Vidal
CPI Fonte Díaz / Touro



CANDIDATURA A CORUÑA

Gañarmos o FUTURO





CANDIDATURA A CORUÑA


Gañarmos o FUTURO





CANDIDATURA A CORUÑA

Gañarmos o FUTURO



Candidatura LUGO

- 1 Laura Arrojo Reguera
IES Ánxel Fole / Lugo
- 2 Dores Asunción Fernández Abel
IES Dionisio Gamallo / Ribadeo
- 3 Xosé Mariño Varela
CEIP de Monterroso / Monterroso
- 4 Consuelo Vázquez Castro
CEIP Manuel Mallo Mallo / Lugo
- 5 Pablo Antonio Rodríguez Vila
EOI de Lugo / Lugo
- 6 Miriam Bouso Gallego
IES Dionisio Gamallo / Ribadeo
- 7 Anxo Rigueira Ferreiro
IES Daviña Rey / Monforte
- 8 Manuel Muñiz Besteiro
IES Gregorio Fernández / Sarria
- 9 Cosme Eladio Pombo Rodríguez
CEIP Anexa / Lugo
- 10 Cristina Lestegás Pérez
IES María Sarmiento / Viveiro
- 11 Sergio Gómez Campos
CIFP As Mercedes / Lugo
- 12 Xurxo Rodríguez Lozano
CPI Ramón Piñeiro / Lámbara
- 13 Gloria Vázquez Vázquez
CEIP de Monforte / Monforte
- 14 Erundina García Leiras
CEIP Juan Rey / Lourenzá
- 15 Xosé Ferreiro Fernández
IES Poeta Díaz Castro / Guitiriz
- 16 Óscar Rodríguez Rodríguez
IES Val do Asma / Chantada
- 17 Isabel Rodríguez Mate
IES Gregorio Fernández / Sarria
- 18 Xoán Bieito García Lorenzo
CEIP Fondo Nois / Foz
- 19 Carmen Varela Arrojo
CMUS de Lugo / Lugo
- 20 Natalia Crecente García
EART Ramón Falcón / Lugo
- 21 Suso Ferreiro Núñez
CIFP Politécnico / Lugo
- 22 Graciela Beatriz Dukart Aranzadi
CEE Infanta Elena / Monforte
- 23 Carlos Cazón Rivas
IES Lucus Augusti / Lugo
- 24 Socorro García Cuadrado
CEIP Gregorio Sanz / Ribadeo
- 25 Pedro Rodríguez López
CEIP de Samos / Samos
- 26 Diego Xesús López González
IES A Pinguela / Monforte
- 27 Natalia Pazos Martínez
CEIP Frey Luis de Granada / Sarria
- 28 Teresa Sanmartín Martínez
IES Terra Chá / Castro de Rei
- 29 Sabela Figueira Tenreiro
IES Basanta Silva / Vilalba
- 30 María Jesús Rodríguez López
CEIP Xoán de Requeixo / Chantada
- 31 Víctor Paz Cortiñas
CIFP As Mercedes / Lugo
- 32 Sara Sánchez Piñeiro
IES Nosa Señora dos ollos grandes / Lugo
- 33 Paula López Otero
CEIP Pedro Caselles Rollán / Xove
- 34 Xosefa Fernández Nieto
IES San Rosendo / Mondoñedo
- 35 Asunción Gómez Neira
IES Lama das Quendas / Chantada
- 36 Beatriz Gamborino Caramés
CDAN de Lugo / Lugo
- 37 Teresa Rancaño Valiño
CEIP Veleiro Docampo / Castro de Rei
- 38 Xabier Molinos Campos
IES Ánxel Fole / Lugo
- 39 Leticia Maseda Fernández
IES de Foz / Foz
- 40 María Ansede Prado
IES Fontem Albei / A Fonsagrada
- 41 Marina Vidueira Franjo
IES Río Cabe / Monforte
- 42 Sofía Carrascal Castro
IES Pedregal de Irimia / Meira
- 43 Encarnación Opazo Fernández
CEIP A Ponte / Lugo
- 44 Simeón Neira López
IES de Alfoz-Valadouro / Alfoz
- 45 Xoán Xosé Fernández Expósito
IES Monte Castelo / Burela
- 46 Manuel Vilariño Freire
IES Leiras Pulpeiro / Lugo
- 47 Corona Rodríguez Pérez
IES A Pinguela / Monforte
- 48 Constantino López López
EPAPU Albeiros / Lugo
- 49 Emilio Arias Arias
CIFP Politécnico / Lugo
- 50 Dolores Vázquez Torrón
IES Sanxillao / Lugo
- 51 María Raposo Sánchez
CEIP Otero Pedrayo / Rábade
- 52 Xosé Lois Díaz Fernández
CEIP da Pontenova / A Pontenova
- 53 Iria Castedo Lombao
EPAPU de Monterroso / Monterroso
- 54 Xosé Luís Varela Piñeiro
IES María Sarmiento / Viveiro
- 55 Fernando García Penas
IES do Camiño / Palas de Rei
- 56 María Belén Fernández Soto
CEIP San Miguel de Reinante / Barreiros
- 57 Marta Castro Méndez
CEIP de Covas / Viveiro
- 58 Aurora Besteiro Cabanas
CEE Santa María / Lugo
- 59 Ana María López Rielo
CPI Doctor López Suárez / Friol
- 60 Ánxeles Rodríguez Llamazares
IES Enrique Muruais / A Pontenova
- 61 Anxo Martins Pérez
CIFP Porta da Auga / Ribadeo
- 62 Teresa López Fernández
IES da Terra Chá / Castro de Rei
- 63 Anxo Vilabril Rodríguez
CEIP de Albeiros / Lugo
- 64 Nazaret Méndez López
CEIP A Gándara / Monforte
- 65 Xosé María Orol Rodríguez
IES Illa de Sarón / Xove
- 66 Pepa Barrios González
IES Xograr Afonso / Sarria
- 67 Genma Rego Rouco
EEI de San Roque / Viveiro
- 68 Lourdes González Sotelo
CPI Poeta Uxío Novoneyra / Courel
- 69 Blanca Fernández Martínez
IES Fonmiñá / A Pastoriza
- 70 Goretti Fernández Otero
CEIP de Paradai / Lugo


- 71** Xosé Antón Bao Abelleira
IES de Becerreá / Becerreá
- 72** Mónica Vázquez Núñez
CEIP As Gándaras / Lugo
- 73** Andrés Sánchez Labandeira
IES Lama das Quendas / Chantada
- 74** Constantino Alvite Muínelo
CEIP Insua Bermúdez / Vilalba
- 75** Jairo González Fernández
CPI de Navia de Suarna / Navia de Suarna
- 76** Luis Alfonso Iglesias Otero
CPI Tino Grandío / Guntín
- 77** Rocío López Vega
IES Río Cabe / Monforte
- 78** Iván Suárez Álvarez
CEIP Santa María do Valadouro / O Valadouro
- 79** Cruz López Cela
IES Muralla Romana / Lugo
- 80** José Benito Pérez Vázquez
CEIP Eloisa Rivadulla / Chantada
- 81** María Fernández García
CEIP de Cervo / Cervo
- 82** Ana Isabel Carballas Pérez
IES Val do Asma / Chantada
- 83** Rodrigo Rodríguez Martínez
CEIP Álvaro Cunqueiro Mora / Mondoñedo
- 84** María Jesús Rodríguez Rodríguez
CEIP Menéndez Pelayo / Lugo
- 85** Manuela Fernández Martínez
CEIP Virxe do Carne / Burela
- 86** Xosé Pérez Cancio
IES da Terra Chá / Castro de Rei
- 87** Isabel Cortiñas Castro
CEIP de Palas / Palas de Rei
- 88** Beatriz González Blanco
CEIP Ramón Falcón / Castro De Rei
- 89** María Luisa Cillero García
CEIP Vista Alegre / Burela
- 90** Fernanda Lombardía Crespo
CEIP Anexa / Lugo
- 91** Emilia Paz Pérez Álvarez
CEIP Veleiro Docampo / Castro de Rei
- 92** Noela Fernández Soto
CEIP Santa María do Valadouro / O Valadouro
- 93** Vanessa Martínez Gómez
EOI de Monforte / Monforte
- 94** Conchi Nistal Seoane
CPI Virxe do Monte / Cospeito
- 95** María Xosé Lamas Fernández
CEIP Manuel Mato Vizoso / Vilalba
- 96** María Xosé Rodríguez Valcárcel
EPAPU Albeiros / Lugo
- 97** Jacobo Díaz Paz
CEIP de Muimenta / Cospeito
- 98** Xaime Membiela Santoro
EOI de Ribadeo / Ribadeo
- 99** Santiago Fernández Rocha
CEIP Aquilino Iglesias Alvaríño / Abadín
- 100** María Gloria Pernas Ramil
CEIP de Albeiros / Lugo
- 101** Xosé Luis Ramallal Rego
CEIP Santa Rita / Viveiro
- 102** Carmen Méndez Arias
CEIP Menéndez Pelayo / Lugo
- 103** Francisco Pardo Capón
CEIP de Pobra de Brollón / Pobra de Brollón
- 104** Elva Prado Pérez
CEIP Illa Verde / Lugo
- 105** María González Abelaira
CEIP das Nogais / AS Nogais
- 106** María José López Paz
CPI Virxe do Monte / Cospeito
- 107** María Eugenia García Touriño
CEIP Xosé Luis Taboada / Carballedo
- 108** Raquel García Rodríguez
CPI Doctor López Suárez / O Saviñao
- 109** Manuel Carreira Simón
IES Perdouro / Burela
- 110** Mónica Pazos Martínez
IES Vilar Ponte / Viveiro
- 111** Cándida Figueroa Oliveira
EPAPU de Bonxe / Outeiro
- 112** María Gracia Quiroga Labrada
CEIP Fondo Nois / Foz
- 113** Beatriz Carballo Cervela
CEIP Antas de Ulla / Antas de Ulla
- 114** Xosé Anxo Rodríguez Carballal
IES Lucus Augusti / Lugo
- 115** Carmen Seixas Ares
CPI Poeta Uxío Novoneyra / Courel
- 116** Xosé Cabana Cabana
IES María Sarmiento / Viveiro
- 117** Roberto Bouza Orosa
CEIP Pedro Caselles Rollán / Xove
- 118** Bernardo Méndez Castro
CMUS de Lugo / Lugo
- 119** Ana Bermúdez Mariño
CEIP Manuel Mallo Mallo / Lugo
- 120** Ramón Latas Espiño
IES de Quiroga / Quiroga
- 121** Evaristo Pardeiro López
CFR Lugo / Lugo
- 122** José López Méndez
IES Gregorio Fernández / Sarria
- 123** Jesús María Quiroga González
IES Daviña Rey / Monforte
- 124** Montserrat García Sanjurjo
IES de Foz / Foz
- 125** Xosé Manuel Irimia Vázquez
CIFP Politécnico / Lugo
- 126** María José Fernández Gallego
IES Poeta Díaz Castro / Guitiriz
- 127** Soledad González Torterolo
IES San Rosendo / Mondoñedo
- 128** Aurora San Emeterio Jaramillo
IES Xoán Montes / Lugo
- 129** Xoán Carlos Rodríguez García
IES Lucus Augusti / Lugo
- 130** María Luisa Docobo Castro
CEIP de Foz Nº1 / Foz
- 131** María de la O Pérez López
CEIP Frey Luis de Granada / Sarria
- 132** María José Cortiñas Darriba
IES Anxel Fole / Lugo
- 133** Francisco Javier Martín Moreno
IES do Camiño / Palas de Rei
- 134** Laura Fernández Fernández
CPI Doctor López Suárez / O Saviñao
- 135** María Isabel Carreiras Val
IES de Foz / Foz
- 136** Lois Toirán Vázquez
CPI Luís Díaz Moreno / Baralla
- 137** Adrián López López
CIFP Porta da Auga / Ribadeo
- 138** Pilar Taboada Cancelo
IES Muralla Romana / Lugo
- 139** Xulián Xosé Amarelo Eijo
CEIP Península da Paz / Cervo
- 140** Abel Díaz Rodríguez
IES A Pinguela / Monforte
- 141** María Jesús Gil Castro
IES Anxel Fole / Lugo
- 142** Francisco Loureiro González
IES Poeta Díaz Castro / Guitiriz

Candidatura LUGO

- 143** Xosé Luís Ansemil Moreira
IES de Foz / Foz
- 144** Anxo Lois Allegue Fernández
CFEA Alta Montaña / Becerreá
- 145** Isabel Pena Bonome
CPI de Cervantes / Cervantes
- 146** Xoán Antón Moreda Pinto
IES Marqués de Sargadelos / Cervo
- 147** Elena Fernández López
CEIP A Gándara / Monforte
- 148** Araceli Paz Veres
IES Basanta Silva / Vilalba
- 149** Xosé Antón Cabana Rouco
CEIP de Casás / Lugo
- 150** Carmen Prieto Roca
CIFP Politécnico / Lugo
- 151** Álida Díaz Fernández
IES Muralla Romana / Lugo
- 152** Rosa María Figueiras Alvilares
CEIP Xoán de Requeixo / Chantada
- 153** Carlos Bello Stout
IES Leiras Pulpeiro / Lugo
- 154** Isabel Mazaira Figueira
CEIP Eloisa Rivadulla / Chantada
- 155** Verónica Gómez Conde
CEIP de Monterroso / Monterroso
- 156** Susana López Lombao
CEIP de Baamonde / Begonte
- 157** Marta Ferreiro Fernández
IES Poeta Díaz Castro / Guitiriz
- 158** Carmen López García
IES Vilar Ponte / Viveiro
- 159** Carlos Lois Valcárcel Díaz
CIFP Politécnico / Lugo
- 160** Francisca Álvarez Telo
CEIP San Xoán / Becerreá
- 161** Enedina Palacios Díaz
IES Terra Chá / Castro de Rei
- 162** Jorge Grangel Díos
IES Daviña Rey / Monforte
- 163** Inés García Seijo
CPI Luís Díaz Moreno / Baralla
- 164** Ánxeles Doamo Rodríguez
CEIP Sagrado Corazón / Lugo
- 165** María do Mar Blanco Pardeiro
CEIP Rosalía de Castro / Lugo
- 166** Carolina Mariño García
IES Vilar Ponte / Viveiro
- 167** María Paz Villasante Méndez
CEIP As Mercedes / Lugo
- 168** Isabel Silva Castro
CEIP Illa Verde / Lugo
- 169** Elida Marta Álvarez González
IES Xoán Montes / Lugo
- 170** María Esther Celeiro Álvarez
CIFP Politécnico / Lugo
- 171** Miguel Pavón Freire
IES Lama das Quendas / Chantada
- 172** Dolores Carballo Osorio
CEIP Xoán de Requeixo / Chantada
- 173** Norma Blanco Cervo
CEIP de Casás / Lugo
- 174** Alejandro Amieiro López
IES Lucus Augusti / Lugo
- 175** Lois Xosé Pereira Arias
IES Río Miño / Rábade
- 176** María Luz Guerreiro Castro
IES Gregorio Fernández / Sarria
- 177** María Benita Rico Fernández
CEIP Luis Pimentel / Lugo
- 178** Ana Isabel Álvarez Goyanes
IES Daviña Rey / Monforte
- 179** Luis López Melle
IES Gregorio Fernández / Sarria
- 180** Xulio González Teixeira
IES de Becerreá / Becerreá
- 181** Natividade Fernández Camiñas
CEIP Eloisa Rivadulla / Chantada
- 182** Benxamin Muras Geadá
CPI Ramón Piñeiro / Láncara
- 183** Óscar Díaz Queizán
CEIP Menéndez Pelayo / Lugo
- 184** Alba López Legaspi
CEIP Santo Estevo de Parga / Guitiriz
- 185** Orlando Álvarez Álvarez
IES Sanxillao / Lugo
- 186** Carme Pernas Bermúdez
IES Lois Peña Novo / Vilalba
- 187** Purificación Ferreiro Fernández
IES Xograr Afonso / Sarria
- 188** Rosario Marcos León
CEIP Luis Pimentel / Lugo
- 189** Manuela Vila Fernández
CPI Ramón Piñeiro / Láncara
- 190** Bélida García López
CEE Infanta Elena / Monforte
- 191** María Luisa Rodríguez Álvarez
CEIP Luis Pimentel / Lugo
- 192** Pilar Brenlla Sanchez
CEIP Menéndez Pelayo / Lugo
- 193** Alejandra Vázquez Noche
CEIP Insua Bermúdez / Vilalba
- 194** Paula Sancosmed Maciñeiras
CEIP do Corgo / Corgo
- 195** Ana Belén Otero Montenegro
CEIP Mato Vizoso / Vilalba
- 196** Miguel Sánchez Sierra
CEIP Lagostelle / Guitiriz
- 197** Beatriz Paderne Cebey
IES Leiras Pulpeiro / Lugo
- 198** María Teresa Blanco Lamas
CEIP de Albeiros / Lugo
- 199** Inés Cabana Yáñez
IES do Camiño / Palas de Rei
- 200** Xosé Miranda Ruíz
IES Xoán Montes / Lugo




Gañarmos o FUTURO





CANDIDATURA LUGO


Gañarmos o FUTURO





CANDIDATURA LUGO

Gañarmos o FUTURO



Candidatura OURENSE

- 1 Xesús Diz Romay**
CPI Virxe da Saleta / San Cristovo De Cea
- 2 Liliana Lafuente Acuña**
IES O Ribeiro / Ribadavia
- 3 José Benito Pereira Conde**
IES Cidade de Antioquía / Xinzo De Limia
- 4 Beatriz Fernández Barbosa**
CPI Virxe da Saleta / San Cristovo De Cea
- 5 Francisco M. Paradelo Rodríguez**
CPI Virxe da Saleta / San Cristovo De Cea
- 6 Cristina Vázquez Arias**
CEIP Amadeo Rodríguez Barroso / Ourense
- 7 Xan Marriano Trigo Recarey**
CPI Antonio Failde / Coles
- 8 María Ana Pérez Álvarez**
CEIP Inmaculada / Ourense
- 9 Carlos Crespo Toral**
CEIP Princesa de España / Verín
- 10 María José Álvarez Vivián**
IES Lauro Olmo / O Barco De Valdeorras
- 11 Xosé Miguel Barrios Rodríguez**
IES Cidade de Antioquía / Xinzo De Limia
- 12 Ana Isabel González Crespo**
CPI José García García / Ourense
- 13 Jordi Verdejo Lluch**
IES As Lagoas / Ourense
- 14 Irene Veiga Durán**
CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro / Barbadás
- 15 Xose Manuel Alonso Noceda**
CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro / Barbadás
- 16 Manuela Castro López**
IES Lauro Olmo / O Barco De Valdeorras
- 17 Carlos Fernández Fernández**
IES O Couto / Ourense
- 18 Sonia María Álvarez Feijoo**
IES Xermán Ancochea Quevedo / A Pobra De Trives
- 19 Bienvenido Couso Domínguez**
CIFP Portovello / Ourense
- 20 Purificación Vázquez Fidalgo**
IES As Lagoas / Ourense
- 21 Juan Canal Rodríguez**
CPI Tomás Terrón Mendaña / Carballeda De Valdeorras
- 22 María Isabel Pérez González**
IES Manuel Chamoso Lamas / O Carballiño
- 23 Carlos Iglesias Álvarez**
CEIP Eulogio Gómez Franqueira / San Amaro
- 24 María Teresa Fernández Frías**
CIFP A Farixa / Ourense
- 25 Xose Manoel Firvida Plaza**
IES 12 de Outubro / Ourense
- 26 Verónica Rúa Garrido**
CEIP Condessa de Fenosa / O Barco De Valdeorras
- 27 Juan Manuel Carballo Lamas**
CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel / Ourense
- 28 Andrea Marín Fernández**
IES Castro de Baronceli / Verín
- 29 José Antonio Fernández Pereira**
CEIP Filomena Dato / Barbadás
- 30 Olga Quintana Devesa**
IES Otero Pedraio / Ourense
- 31 Rafael Adán Rodríguez**
IES Celanova Celso Emilio Ferreiro / Celanova
- 32 Ana González Cumplido**
CPI José García García / Ourense
- 33 Héctor Manuel Parga Pedreira**
CEIP Filomena Dato / Barbadás
- 34 Sira Coello Gabián**
CIFP Portovello / Ourense
- 35 Jose Manuel Coedo Gómez**
IES Cidade de Antioquía / Xinzo De Limia
- 36 Montserrat Novoa Rodríguez**
CEIP Vistahermosa / Ourense
- 37 Manuel Borrajo Fernández**
CEIP Otero Novas / Cortegada
- 38 María Clotilde Martínez González**
CEIP Rosalía de Castro / Xinzo De Limia
- 39 Alberto Blanco Casal**
IES Xesús Taboada Chivite / Verín
- 40 Angelina Cañueto Gallego**
CEIP de Bibeí / Viana Do Bolo
- 41 Francisco Xavier Baños Campo**
CEIP de Prácticas / Ourense
- 42 María Milagros Franco Basalo**
CEIP Princesa de España / Verín
- 43 Antonio Fernández Jácome**
CEIP de Maceda / Maceda
- 44 Luisa Areán Taboada**
CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel / Ourense
- 45 Xulian Xosé Vázquez Millara**
IES Blanco Amor / Ourense
- 46 María Domínguez Gómez**
CEIP de Oimbra / Oimbra
- 47 Norberto Blanco Dorrio**
CEIP Manuel Sueiro / Ourense
- 48 Rosa Álvarez Pérez**
IES Nº 1 / O Carballiño
- 49 José Ángel Ansín Agis**
IES Lauro Olmo / O Barco De Valdeorras
- 50 Clara Doval Fernández**
IES As Lagoas / Ourense
- 51 Antonio García Salgado**
IES Universidade Laboral / Ourense
- 52 Manuela Fernández Carbajales**
IES Universidade Laboral / Ourense
- 53 Antonio Caneda Zamar**
CMUS Profesional de Ourense / Ourense
- 54 Inmaculada Morgade Martínez**
CEIP Princesa de España / Verín
- 55 María Teresa González García**
CEIP de Prácticas / Ourense
- 56 José Rodríguez Cid**
CEIP Albino Núñez / Ourense
- 57 Aníbal Barreira Rodríguez**
IES Xesús Taboada Chivite / Verín
- 58 María Teresa Grande Salgado**
CIFP Portovello / Ourense
- 59 Luís Llorente De Mata**
IES O Ribeiro / Ribadavia
- 60 Begoña María Molina Blanco**
CEIP Saco e Arce / Toén

- 61 Rodrigo Comba Ares**
CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel / Ourense
- 62 Adela Lamas Carballo**
IES Xesús Ferro Couselo / Ourense
- 63 María Pilar García Segura**
CEIP Bibei / Viana Do Bolo
- 64 Paulino Peña Álvarez**
CEIP de Prácticas / Ourense
- 65 Xemma Fernández López**
IES Lauro Olmo / O Barco De Valdeorras
- 66 Manuel Míguez Novoa**
CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel / Ourense
- 67 Rosa Cid Galante**
IES Universidade Laboral / Ourense
- 68 Fernando Rodríguez Díaz**
IES Martaguisela / O Barco De Valdeorras
- 69 María Ramona Gómez Iglesias**
Equipo de Orientación Específico / Ourense
- 70 Xoaquín Carlos Freijeiro Álvarez**
CEIP Condesa de Fenosa / O Barco De Valdeorras
- 71 Josefa Rodríguez Rivero**
CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro / Barbadás
- 72 Daniel Veiga Martínez**
IES García Barbón / Verín
- 73 Leticia Prieto Cacheiro**
CEIP de Seixalbo / Ourense
- 74 Antón Gómez Rodríguez**
CEIP Ben-Cho-Shey / O Pereiro De Aguiar
- 75 Isabel García Martín**
IES Universidade Laboral / Ourense
- 76 Anisia Fernández Monjardín**
CEIP Manuel Respiño / A Rúa
- 77 María Aída López González**
CIFP Portovello / Ourense
- 78 José Francisco Gago Fernández**
CPI Laureano Prieto / A Gudiña
- 79 Marta Rodríguez Marra**
CEIP de Seixalbo / Ourense
- 80 David González Couso**
IES Xesús Taboada Chivite / Verín
- 81 Ariana Fernández Álvarez**
CPI de Padrenda-Crespos / Padrenda
- 82 Carlos González Durán**
CIFP A Carballeira / Ourense
- 83 Rosa María Pato Blanco**
CEFORE / Ourense
- 84 Rosa González Diz**
IES Do Ribeiro / Ribadavia
- 85 Jorge González Lamas**
CIFP Portovello / Ourense
- 86 Graciela López Cid**
CEIP Curros Enríquez / Celanova
- 87 Anxo Collarte Pérez**
CPI de Padrenda-Crespos / Padrenda
- 88 Rosa Castaño García**
CPI Antonio Faílde / Coles
- 89 Juan Manuel Cid Álvarez**
IES Xesús Taboada Chivite / Verín
- 90 Florinda Estevez Garrido**
CEIP de Ribadavia / Ribadavia
- 91 Ana María Pita Castro**
IES Eduardo Blanco Amor / Ourense
- 92 Mónica Diéguez Sanmartín**
CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel / Ourense
- 93 Celso Fernández Lorenzo**
IES Celanova Celso Emilio Ferreiro / Celanova
- 94 María Isabel Muñoz Ledantes**
CEIP Plurilingüe Irmáns Villar / Ourense
- 95 Elvira Macía González**
CPI Laureano Prieto / A Gudiña
- 96 Manuela Fernández Díaz**
CEIP Augusto Assía / A Mezquita
- 97 Juan José Fernández Combo**
IES O Ribeiro / Ribadavia
- 98 Susana Da Conceição Bahamonde**
IES As Lagoas / Ourense
- 99 María Dolores Pérez Novoa**
CEIP Virxe de Covadonga / Ourense
- 100 Montserrat Núñez Luis**
CRA de Monterrei / Monterrei
- 101 Marián Tierno López**
CEIP Princesa de España / Verín
- 102 Luisa González González**
CIFP A Farixa / Ourense
- 103 Xoan Carlos Domínguez Albarte**
IES Aquis Querquernis / Bande
- 104 María Teresa Rodríguez Gil**
CEIP O Couto / Ourense
- 105 Roberto De Andrés Iglesias**
IES Carlos Casares / Viana Do Bolo
- 106 Lorena Soto Rodríguez**
CEIP Carlos Casares / Xinzo De Limia
- 107 M^a Concepción Iglesias González**
CEIP O Couto / Ourense
- 108 Rebeca Álvarez Álvarez**
IES Lagoa de Antela / Xinzo De Limia
- 109 Rosa María Lamas Méndez**
CEIP Plurilingüe Irmáns Villar / Ourense
- 110 Javier Álvarez Reza**
CEIP Nosa Señora de Xuvencos / Boborás
- 111 María Vanesa Carballo Leal**
CRA Amencer / Ribadavia
- 112 Arturo Iglesias Figueiras**
CPI Virxe da Saleta / San Cristovo De Cea
- 113 Natividad Rolán Núñez**
CEIP Plurilingüe Rodolfo Núñez Rodríguez / Vilardevós
- 114 Beatriz Pereira Arias**
CEIP Princesa de España / Verín
- 115 José Manuel García López**
IES de Vilamarín / Vilamarín
- 116 M^a Asunción Lamelas Fernández**
CEIP Manuel Bermúdez Couso / A Pobra De Trives
- 117 Juan Blanco Rodríguez**
CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel / Ourense
- 118 Mercedes Fernández Alonso**
CEIP Amaro Refojo / Verín
- 119 María Garrido Rodríguez**
IES Cidade de Antioquía / Xinzo De Limia
- 120 Dolores Fernández Pérez**
CEIP Filomena Dato / Barbadás
- 121 Carmen López Guerra**
IES Xermán Ancochea Quevedo / A Pobra De Trives
- 122 María Do Carmo Míguez Novoa**
IES Cidade de Antioquía / Xinzo De Limia
- 123 Lidia Blanco Cerradelo**
CIFP Portovello / Ourense
- 124 Natividad Rivero Guerra**
CEIP Amaro Refojo / Verín


Candidatura OURENSE

- 125 Antonio Gil Pereiras**
IES As Lagoas / Ourense
- 126 Carina Cabanelas Rouco**
CIFP A Carballeira / Ourense
- 127 Helena Prada Villarino**
IES Castro de Baronceli / Verín
- 128 Rosa María Estévez Basteiro**
CEIP Bibei / Viana Do Bolo
- 129 Sara Pena Vázquez**
IES Celanova Celso Emilio Ferreiro
/ Celanova
- 130 Iria Fírvida Plaza**
CIFP A Farixa / Ourense
- 131 Isabel Bermúdez Suárez**
CPI Laureano Prieto / A Gudiña
- 132 María Xosé Bayón Garrote**
CEIP de Prácticas / Ourense
- 133 Pedro A. Fernández Quintas**
IES Blanco Amor / Ourense
- 134 Ana María Vences Vila**
CEIP Rosalía de Castro / Xinzo De
Limia
- 135 José Joaquín García Saco**
CEIP Bibei / Viana Do Bolo
- 136 María Fernández Alonso**
CEIP Amaro Refojo / Verín
- 137 Emilia Touriño Campelo**
IES Carlos Casares / Viana Do Bolo
- 138 José Manuel Piñeiro Vidal**
CEIP Amaro Refojo / Verín
- 139 Natividad Carracedo López**
CEIP Manuel Respino / A Rúa
- 140 Juan Luís Rivero Gallego**
CEIP O Castiñeiro / Laza
- 141 Benita Pérez García**
IES Castro de Baronceli / Verín
- 142 Iago Vales Lorenzo**
IES Cidade de Antioquía / Xinzo
De Limia



CANDIDATURA OURENSE


Gañarmos o FUTURO





CANDIDATURA OURENSE


Gañarmos o FUTURO





CANDIDATURA OURENSE

Gañarmos o FUTURO



Candidatura PONTEVEDRA

- 1 Marta Dacosta Alonso
IES Terra de Turonio / Gondomar
- 2 Xacobe Rodríguez Rivas
CEIP Cabanas Salcedo / Pontevedra
- 3 Isolina Couso Garrido
CEIP da Espedregada / Poio
- 4 Xosé Saiáns Torrado
IES Ricardo Mella / Vigo
- 5 Anxos Collazo Trigo
CEIP Altamar / Vigo
- 6 Francisco Xabier Rodríguez Paz
IES Armando Cotarelo Valledor / Vilagarcía
- 7 María Xosé Rodríguez Martínez
IES de Chapela / Redondela
- 8 Guillermo Ignacio Costa
CEIP Abelendo / Moaña
- 9 Tamara Martínez Villar
CEIP Pena de Francia / Mos
- 10 Duarte Correa Piñeiro
IES Ramón Cabanillas / Cambados
- 11 Marina Quintillán Núñez
CMUS Profesional Manuel Quiroga / Pontevedra
- 12 Santiago Rodríguez Sánchez
IES Sto. Tomé / Vigo
- 13 Cristina López Lobarriñas
CEIP Pena de Francia / Mos
- 14 Xermán Piedras García
CEIP Parada-Campañó / Pontevedra
- 15 Olga Vanesa Melón Rascado
CEIP Viñas / Poio
- 16 Xosé Manuel Atanes Limia
IES Ricardo Mella / Vigo
- 17 Maruxa Martínez Nogueira
IES Paralaia / Moaña
- 18 Xoan Xosé Constenla Novoa
CPI Domingo Fontán / Portas
- 19 Rufo Núñez Iglesias
CEIP Xunqueira II / Pontevedra
- 20 Xan Xosé Santos Costa
IES A Guía / Vigo
- 21 Xesús Díaz Benito
CEIP A Rúa / Cangas
- 22 Sabela Bará Louro
IES Torrente Ballester / Pontevedra
- 23 Xosé Manuel López Fernández
IES Laxeiro / Lalin
- 24 Leonor Gala Torres Sabín
IES Castelao / Vigo
- 25 Dorinda Castro Soliño
EPAPU do Berbés / Vigo
- 26 Rocío Maril Yáñez
CEIP Nosa Señora da Piedade / Vila de Cruces
- 27 Mercedes Barrientos Varela
IES Valle Inclán / Pontevedra
- 28 Xosé Anxo Terán Comesaña
IES Escolas Proval / Nigrán
- 29 Inma López Silva
ESAD de Galicia / Vigo
- 30 Clara Isabel Iglesias Cortizo
IES Chano Piñeiro / Forcarei
- 31 Manuel Barreiro Martínez
CEIP Cordo Boullosa / Ponte Caldelas
- 32 Sara Fernandez Alfaya
EEI Verducedo / Moaña
- 33 Margarida Romero Lorenzo
IES Álvaro Cunqueiro / Vigo
- 34 Dondina Vilariño Vázquez
CEIP Xesús Golmar / Lalin
- 35 Manuel Lourenzo Sobral
IES Mendiño / Redondela
- 36 Xesús Rodríguez Amil
CEIP Petelos / Mos
- 37 María Monserrat Vidal Diz
CIFP Manuel Antonio / Vigo
- 38 Magoia Bodega Pérez
CEIP de Meaño - As Covas / Meaño
- 39 Rubén Fernández Monteagudo
CEIP Parada-Campañó / Pontevedra
- 40 Xoán Carlos Barbosa Fernández
CEIP Antonio Blanco Rodríguez / Covelo
- 41 Iolanda Fontán Fernández
CEIP Mestre Martínez Alonso / Mos
- 42 Felisa Rodríguez Rodríguez
CEE Pontevedra / Pontevedra
- 43 Firmino Martínez Pérez
IES Sánchez Cantón / Pontevedra
- 44 Carlos Covelo Gallego
CEIP Outeiro das Penas / Redondela
- 45 Carme Suárez Sobrado
CEIP Nazaret / Cangas
- 46 Ana Isabel Álvarez Vázquez
CEIP O Piñeirinho / Vilagarcía
- 47 Noemí Leal Doval
CEIP Valle - Inclán / O Grove
- 48 Cándido Fernández Domínguez
IES Val do Tea / Ponteareas
- 49 Ana M^a Domínguez Santomé
CEIP Carlos Casares / Nigrán
- 50 Carlos López Abreira
CEIP Torre Illa / A Illa de Arousa
- 51 Ana María Rial Aparicio
IES Aquis Celenis / Caldas de Reis
- 52 Xabier Toba Girón
IES Mendiño / Redondela
- 53 M^a Carmen Losada López
IES Johan Carballeira / Bueu
- 54 Cibrán Arxibay Queiruga
IES Antón Losada Diéguez / A Estrada
- 55 Laura Méndez Pérez
CEIP Vilaxoán / Vilagarcía
- 56 Milagros González Cerdeira
IES Escolas Proval / Nigrán
- 57 Alfonso Marcos Fandiño
CEIP Espiñeira-Aldán / Cangas
- 58 Luis Tuñas Estévez
CIFP Carlos Oroza / Pontevedra
- 59 Ángela María Mariño Varela
IES Pintor Colmeiro / Silleda
- 60 Álvaro Groba Casal
IES do Barral / Ponteareas
- 61 Luisa Jonte Rodríguez
CEIP Chans-Bembrive / Vigo
- 62 M^a Jesus Rial Vidal
CEIP Marcos da Portela / Pontevedra
- 63 Alberte Pereira Suárez
IES Frei Martín Sarmiento / Pontevedra
- 64 Aldán Santamarina Corral
IES Chapela / Redondela
- 65 María Helena Añel Cabanelas
CPI A Cañiza / A Cañiza
- 66 Manuel Felpeto Gonzalez
CEIP San Tomé / Cambados
- 67 María Xesús Enguídanos Floreani
CEIP Isidora Riestra / Poio
- 68 Paulo González Martínez
CEIP Altamira / Salceda de Caselas

- 69** María Eugenia del Río Riobó
CEIP do Hío / Cangas
- 70** Irene Dominguez Couto
CEIP O Conmenio / O Grove
- 71** Patricia Arias Chachero
IES Fermín Bouza Brei / Vilagarcía
- 72** María Jesús Cortegoso Calvar
IES de Coruxo / Vigo
- 73** Xosé Antón Guitián Fernández
IES Illa de Ons / Bueu
- 74** Miguel Vilariño Torres
CEIP Silleda / Silleda
- 75** Flora César Veloso
CEIP A Lomba / Vilagarcía
- 76** Jorge Rodríguez Gomes
IES Politécnico de Vigo / Vigo
- 77** Diego Santorio Moscoso
IES 1º de Marzo / Baiona
- 78** Pilar Rodríguez Rivas
CPI Mosteiro Meis / Meis
- 79** Francisco Xabier Obelleiro Piñón
CPI Padín Troiteiro / Soutomaior
- 80** Xosé Mª Collazo Laranxeira
CEP Sabarís / Baiona
- 81** Mª Xesús Míguez Novoa
IES de Rodeira / Cangas
- 82** Angeles Martín Méndez
CEIP San Martiño / Pontevedra
- 83** Marcos Pérez Cardoso
CIPF A Xunqueira / Pontevedra
- 84** Beatriz Carballa Alonso
CRA Mestra Clara Torres / Tui
- 85** Iago Martínez Pérez
CEIP Seara / Moaña
- 86** Isabel Torres Jack
IES Pontecaldelas / Pontevedra
- 87** Xabier Gallego Fernández
IES Laxeiro / Lalín
- 88** María Luisa Guerra Cañizo
IES A Sangriña / A Guarda
- 89** Xan Carlos González Campo
CEE Saladino Cortizo / Vigo
- 90** Francisco Xabier Marques Solla
IES A Basella / Vilanova de Arousa
- 91** Ana María Garrido Padín
IES Monte da Vila / O Grove
- 92** Mª Virginia Calviño Baltar
IES Ribeira do Louro / O Porriño
- 93** Ramón Anxo Martínez Seixo
EOI de Vigo / Vigo
- 94** Francisco Rama Rama
IES de Valga / Valga
- 95** Rosa Fiel Paz
CEP Antonio Magariños / Cambados
- 96** Iria Collazo López
IES As Barxas / Moaña
- 97** Xosé Pumar Armada
IES Monte Carrasco / Cangas
- 98** Xermán Torres Canay
CEIP A Escardia / Vilagarcía
- 99** Ana María Tomás del Río
CEIP Castrolo / Cambados
- 100** Julia Fernández Márquez
CEIP Caldelas (Foxo) / Tui
- 101** Ana María Pousada Míguez
CEIP de Montemogos / Bueu
- 102** Raul Gómez Pato
IES de Valga / Valga
- 103** Mª Esther Torres Taboada
IES Castro Alobre / Vilagarcía
- 104** María Isabel Flores Seijas
IES do Castro / Vigo
- 105** Sara Otero Gago
IES Illa de Tambo / Marín
- 106** Marcos Rodríguez Fontenla
CRA de Meis / Meis
- 107** Rafael Maquieira Calza
CEIP Coirón-Dena / Meaño
- 108** Alexandra Orozco González
IES San Paio / Tui
- 109** Anxo Blas González
CEIP Paraixal / Vigo
- 110** Xoan Carlos Vizoso González
IES Ramón María Aller / Lalín
- 111** Azucena Arias Correa
CEIP Vilaverde-Mourete / Pontevedra
- 112** Maica Rodríguez Rodríguez
CPI O Toural / Vilaboa
- 113** Ana María Fernández Cid
CEIP Frián-Teis / Vigo
- 114** Sira Santiago Álvarez
CEIP Campolongo / Pontevedra
- 115** Eduardo Martínez Fontán
CEIP Magaláns-Dorrón / Sanxenxo
- 116** María Casilda Basteiro Gómez
IES Mestre Landín / Marín
- 117** Xosé Alfonso Pazo Domínguez
IES de Beade / Vigo
- 118** Susana Varela Fernández
CEIP Xoaquín Loriga / Lalín
- 119** Xosé Carlos Morgade Martínez
IES de Cotobade / Cerdedo-Cotobade
- 120** Manuel Pérez Pérez
CEIP Coutada-Beade / Vigo
- 121** Mª Aurelia Rodríguez Pérez
CEIP Altamar / Vigo
- 122** Manuela Caamaño Martínez
CEIP de Baño-Xanza / Valga
- 123** Mª Xesús Rubio Da Silva
CEIP San Roque / Vilanova
- 124** Ramón Pastoriza Fariña
CEIP Sequelo / Marín
- 125** Francisca Alonso Brito
CEP Carlos Casares-Alxén / Salvaterra
- 126** María Xesús Picallo Ferreiro
CPI Santa Lucía / Moraña
- 127** Ricardo Maquieira Coello
IES Xunqueira II / Pontevedra
- 128** Juan Carlos Vázquez Vázquez
CEIP Ría de Vigo / Vigo
- 129** Manuela Fernández Feijoo
CEIP A Paz Tintureira / Vigo
- 130** Carlos Yus Respaldiza
EOI Pontevedra / Pontevedra
- 131** Xurxo Modesto Blanco Gonzalez
Alfonso VII / Caldas de Reis
- 132** Ana Amalia Fernández Silva
CEIP Eduardo Pondal / Vigo
- 133** Juan Luís Fernández Pérez
CEIP Virxe do Rocío / Vigo
- 134** Pilar Rodríguez Braga
EEI Concepción Crespo Rivas / Pontevedra
- 135** Juan José Feijoo Benitez
CEIP de Chancelas / Poio
- 136** Moisés Quintas Suárez
CEIP Xosé Fernández López / O Porriño
- 137** Laura Miragaia López
IES Audiovisual de Vigo / Vigo
- 138** Mariña Méndez Pérez
CEIP Xulio Camba / Vilanova
- 139** Rosa Aller Camiña
CEIP Xunqueira I / Pontevedra
- 140** Mª Xesús Moreira Fontán
IES María Soliño / Cangas
- 141** María Pilar de Araújo Ferreira
CEIP Emilia Pardo Bazán / Vigo


Candidatura PONTEVEDRA

- 142** Maica Carril Braga
CEIP San Benito de Lérez / Pontevedra
- 143** Moises Amado Seijas
IES Francisco Asorei / Cambados
- 144** M^a Araceli Otero Castro
CEIP Pintor Laxeiro / Vigo
- 145** M^a Cruz Nogueira Rúa
CEIP Quintela / Moaña
- 146** Xesús Anxo Veiga Dopico
CEIP a Florida / Sanxenxo
- 147** Carmen Celeiro Álvarez
CEIP Vidal Portela / Pontevedra
- 148** José Márquez Roríguez
EEI de Agro-Baredo / Baiona
- 149** Estefanía Puga Carrera
CEIP Atín-Cela / Mos
- 150** Borja Fresco Ameixeiras
CEIP de Rubiáns / Vilagarcía
- 151** Josefa Pereiras Vázquez
IES Montecelo / Pontevedra
- 152** Davide Branco Cortizo
CEIP Santiago de Oliveira / Pontearreas
- 153** Vanessa Barciela Corujeira
CEIP Reboreda / Redondela
- 154** María Dolores Mato Cores
CEIP Pedro Antonio Cerviño / Campolameiro
- 155** Enrique Rey Roríguez
IES Xunqueira I / Pontevedra
- 156** Pilar González Barreras
CEIP da Cruz-Camos / Nigrán
- 157** Eva Yusti Campo
IES Pedro Floriani / Redondela
- 158** Gabriel Muñiz Alonso
IES Luis Seoane / Pontevedra
- 159** María Blanco Corral
CEIP Figueiroa / A Estrada
- 160** M^a Pilar González Casas
CEP Carlos Casares-Alxén / Salvaterra
- 161** Francisco Luís Santorum Paz
IES República Oriental do Uruguai / Vigo
- 162** Dolores Oubiña Millán
EEI A Pastora / Cambados
- 163** Fátima Barreiro Pérez
IES de Vilalonga / Sanxenxo
- 164** María Mercedes Pérez Pérez
IES Alexandre Bóveda / Vigo
- 165** Neves Groba Ucha
IES Salvaterra / Salvaterra
- 166** Álvaro Ramón Arizaga Castro
ESCO restauración de bens de Galiza / Pontevedra
- 167** Iolanda Paz Pereira
CIFP A Xunqueira / Pontevedra
- 168** Montserrat Martínez Cañas
CEIP Castelao / Vigo
- 169** Santiago Veloso Troncoso
IES Terra de Turonio / Gondomar
- 170** Obdulía López Fraga
CPI de Rodeiro / Rodeiro
- 171** Alfonso Boullosa Roríguez
CEIP Tenorio / Cerdedo-Cotobade
- 172** Isabel Sánchez González
IES Santa Irene / Vigo
- 173** Marcos Fernández Lorenzo
CIFP Paz Andrade / Vigo
- 174** Jaione Obanos Sagaseta
CEIP Arealonga / Vilagarcía
- 175** Pablo Carracedo Golder
CEIP San Clemente / Caldas de Reis
- 176** Xosé Pérez González
IES Carlos Casares / Vigo
- 177** Ángela Ferreiro Pérez
CMUS Profesional Vigo / Vigo
- 178** Ana María Salorio Fernandez
IES de Poio / Poio
- 179** María Cruz García Sumai
IES de Meaño / Meaño
- 180** Xosé Abilleira Sanmartín
IES Pazo da Mercé / As Neves
- 181** José Luis Fernández Roríguez
CMUS Superior de Vigo / Vigo
- 182** Xosé Díaz Díaz
IES Marco do Camballón / Vila de Cruces
- 183** María Xosé Gonzalez Gesteira
CEIP A Carballeira / Pontevedra
- 184** Henrique del Bosque Zapata
IES de Mos / Mos
- 185** María Xesús Álvarez Paz
CEIP Sabarís / Baiona
- 186** Rosa Falcón Chaves
CPI Julia Becerra Malvar / Ribadumia
- 187** Dolores Escribano Gómez
CEIP Froebel / Pontevedra
- 188** María Cristina Fernandez Piñeiro
CEIP Humberto Juanes / Nigrán
- 189** Flora Veloso Pérez
IES Pedras Rubias / Salceda de Caselas
- 190** Blanca Fariña Reboreda
CEIP Amor Ruibal / Barro
- 191** Sara Gonzalez Rivas
CPI Aurelio Marcelino Rey García / Cuntis
- 192** Beatriz Pereiro Pérez
CEIP Souto Donas / Gondomar
- 193** María Catalina García Lago
CRA Antia Cal / Gondomar
- 194** María Isabel Torres Quelle
CEIP Cabanas Salcedo / Pontevedra
- 195** Iria Vaz Hervella
IES As Bizocas / O Grove
- 196** María Begoña López Prieto
CEIP da Cruz-Budiño / O Porriño
- 197** Xosé Manuel Méndez Díaz
CPI Manuel Suárez Marquier / O Rosal
- 198** Mónica Goñez Silva
IES Illa de Arousa / A Illa de Arousa
- 199** Xan Carlos Garrido Couceiro
IES Chano Piñeiro / Forcarei
- 200** Xesús Manuel Fernández Rivas
IES Castelao / Vigo



CANDIDATURA PONTEVEDRA

Gañarmos o FUTURO





CANDIDATURA PONTEVEDRA


Gañarnos o FUTURO





CANDIDATURA PONTEVEDRA

Gañarmos o FUTURO



199
por A Coruña

6

18

7

2

157
por Lugo

3

15


10

22



CANDIDATURA PONTEVEDRA

Gañarmos o FUTURO



**PROGRAMA
ELECTORAL 2018
ENSINO PÚBLICO**



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

PROGRAMA ELECTORAL 2018 ENSINO PÚBLICO

Contexto

A educación e o profesorado no marco da continuidade das políticas neoliberais
O continuísmo como estratexia para asentar a involución da LOMCE e as políticas educativas contra o ensino público
A LOMCE como antítese do modelo educativo que a CIG-ENSINO defende
A crise como pretexto para manter os recortes coa complicidade do sindicalismo estatal
A perspectiva social. Unha educación pública ao servizo do pobo

Nin tutelas nin límites: afianzar o modelo sindical alternativo que representa a CIG-ENSINO

Un modelo sindical diferente, aberto e participativo
Un modelo sindical cunha longa traxectoria como referente entre o profesorado
O ensino público que a CIG-ENSINO quere

Propostas da CIG-ENSINO para mellorar as condicións laborais do profesorado

Retribucións
Xornada lectiva e laboral do profesorado
Saúde laboral
Conciliación da vida familiar e laboral
Protección do profesorado e responsabilidade civil
Xubilacións
Mobilidade
Profesorado interino e substituto, creación de emprego estable
Formación do profesorado

Propostas da CIG-ENSINO para mellorar o ensino público

Cuestións xerais
Transporte escolar
Comedores escolares
Actividades extraescolares
Gratuidade do material didáctico
Bibliotecas escolares
Tecnoloxías da Información e da Comunicación
Xestión democrática dos centros escolares
Escolarización do alumnado inmigrante e culturalmente diverso
Orientación escolar
Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Galeguización e normalización lingüística

Feminismo, coeducación, igualdade, erradicación da violencia machista e respecto pola identidade sexual

Propostas concretas para os diferentes niveis educativos

Propostas xerais para todos os niveis educativos
Infantil e Primaria
Secundaria
Formación Profesional
Ensinanzas Artísticas
Escolas Oficiais de Idiomas
Educación Permanente de Adultos
Escola rural

CONTEXTO

O noso día a día como docentes está condicionado pola realidade que rodea o profesorado, os centros educativos e a sociedade en xeral. O ensino público no que traballamos e no que cremos está profundamente marcado polas condicións políticas e sociais nas que desenvolvemos o noso traballo: as condicións que nacen das políticas educativas e das decisións tomadas desde os poderes políticos e económicos. Debemos ser conscientes do marco político e social no que nos movemos á hora de fixarmos propostas e alternativas como traballadoras e traballadores que somos.

O persoal docente ten un rol central no sistema educativo ao que en ningún momento pode renunciar. Neste sentido xoga un papel fundamental a liña de acción que unha organización sindical como a CIG-ENSINO pretenda fixar no seu papel de representación e mobilización do profesorado. A CIG-ENSINO concorre ás Eleccións Sindicais no ensino público deste ano 2018 cun programa electoral que parte precisamente dunha análise rigorosa do marco educativo, político, socioeconómico e laboral no que estamos, da realidade destes últimos anos e dos principios e obxectivos que nos fixamos para mantermos a defensa inquebrantábel do profesorado e do ensino público galego e en galego que desde sempre nos caracterizou.

Un programa é o froito do pasado, do traballo previo, así como da reflexión sobre o momento actual no que nos atopamos, mais debe ser, sobre todo, **futuro**. A CIG-ENSINO así o entende e presenta este documento como un compromiso, unha liña a seguir, unha referencia básica e fundamental que debe orientar todas as decisións que tomemos, sempre en contacto co profesorado.

A educación e o profesorado no marco da continuidade das políticas neoliberais

A finais de 2018 a realidade do sistema educativo segue condicionada polo continuismo do goberno galego e coa incerteza e desconfianza do que poida facer o novo goberno español saído da moción de censura de Pedro Sánchez. A experiencia sitúa os diferentes gobernos como auténticas sucursais dos grandes entramados internacionais que desde hai décadas veñen condicionando o empobrecemento das clases populares así como o aumento exponencial da fenda económica e social entre quen controla os medios de produción e de especulación e quen vivimos do noso traballo.

No mundo educativo, a cobiza do capital esténdese nas altas esferas, con grandes transnacionais e organismos carentes de control democrático como a OCDE, que empregan mecanismos de control como os informes PISA para condicionar as políticas dos diferentes Estados, marcando os deseños curriculares daqueles que se pregan ao ditado da globalización educativa. Tamén aparece ese afán privatizador e mercantilista nas leis educativas como a LOMCE, plenamente vixente, cando blindo o financiamento a centros propiedade de seitas integristas e segregadores como o Opus Dei. A Lei que impuxo o Partido Popular tamén mantén, por exemplo, o debilitamento da liberdade de cátedra coa imposición de probas externas de auténtico control curricular, a segregación de alumnado na eso, a creación de centros elitistas, o ensino confesional ou a posibilidade de que centros de nova creación, construíndose en terreos públicos, podan ser entregados directamente a empresas privadas.

Non hai negocio pequeno para quen ten o lucro como obxectivo principal. Por iso, o capital estende o seu afán depredador a todos os niveis. A etapa de Feijóo ao fronte da Xunta foi un claro exemplo da privatización do ensino público, co aumento das subvencións ás empresas privadas, ben pola vía dos concertos educativos ou pola da non oferta pública de prazas escolares (desde infantil a FP) onde pode restar negocio ás empresas amigas, mentres os fondos destinados ao ensino público se reduciron, especialmente polos recortes de profesorado e a ausencia de políticas de expansión da rede pública.

Os anteriores son exemplos externos das políticas neoliberais que se implantaron nos últimos anos mais que veñen da man dunha nova faceta da privatización e mercantilización do ensino público: a interna; aquela que se introduce nos centros educativos, con mecanismos propios da empresa privada como a perda de control democrático por parte dos órganos colexiados, a burocratización e o control con parámetros de calidade alleos á función docente e as necesidades do alumnado, a fixación de estándares de aprendizaxe e de calidade na organización dos centros que pretenden subordinar o labor docente ou a posibilidade da dirección dos centros para interferir nos propios cadros de persoal como permite a LOMCE.

O ensino público, como a sanidade ou o sistema público de pensións, son os principios nichos de beneficio que as grandes transnacionais teñen como obxectivo desde hai décadas neste capitalismo voraz que padecemos. Cada paso que os gobernos títeres dan na dirección de restrinxir os nosos dereitos, de limitar a nosa capacidade de

decisión e de xestión democrática, de favorecer as empresas privadas permitindo o deterioro da rede pública ou a súa propia desaparición (como acontece no ámbito rural), obedece a unha planificación perfectamente deseñada: debilitar o papel central que a administración pública debe xogar como garante da igualdade e da universalidade dos servizos públicos e das prestacións sociais.

O continuísmo como estratexia para asentar a involución da LOMCE e as políticas educativas contra o ensino público

O sistema educativo parte dunha concepción centralista e unitaria do Estado que impide que as diferentes nacións que o compoñen podamos establecer sistemas educativos propios en función da nosa realidade social, cultural, histórica e lingüística. Esta realidade é froito do pacto co réxime franquista que avalou os concertos educativos, dos privilexios da Igrexa Católica na confesionalidade do ensino ou o trato discriminatorio para coas linguas diferentes do castelán, de obrigado coñecemento fronte ao mero dereito de coñecermos e usarmos o noso propio idioma. De aí que a LOMCE fose un paso adiante, especialmente exacerbado, nesa cadea de leis que teñen como denominador común a españolización, a confesionalidade e a privatización da educación.

A loita social contra a LOMCE foi extensa, continuada e contundente. Logrou un éxito parcial coa paralización do efecto académico das reválidas, reconducidas como probas de avaliación externa sen valor académico, mentres o acceso á universidade se mantén en parámetros similares á antiga selectividade. Porén, todo o resto da LOMCE permanece inalterada, amosando como a estratexia deseñada polo PP, aceptada pola oposición parlamentaria nas Cortes españolas, de adormecer o debate e a resposta social con cantos de serea ao consenso e ao pacto educativo, deu os seus froitos durante case dous longos anos. No momento de redactar este texto todo son incógnitas sobre o que poida acontecer co compromiso inicial do PSOE e das demais forzas políticas que propiciaron o desaloxo do PP do goberno central. A CIG foi responsable e suspendeu unha folga xeral convocada para dúas semanas despois da toma de posesión do novo goberno. A única resposta que cabe agardar é a derogación da LOMCE. Xogar de novo a adiar esa medida e a parálise camuflada dun pacto que xa nos levou até onde estamos sería unha fraude electoral e social.

Algunhas das forzas políticas que deron o respaldo ao novo goberno, e por suposto o PSOE, foron parte daquela farsa de negociación do Pacto Educativo

até que finalmente, seguramente por tacticismo, abandonaron o instrumento ideado polo PP para evitar tocar a LOMCE. O novo goberno ten agora unha responsabilidade histórica: ou se mantén como parte do problema con cambios cosméticos da LOMCE ou derroga a Lei do PP e negocia, de cero, un novo marco lexislativo.

O goberno Feijóo, como discípulo máis avantaxado do continuísmo e a obediencia aos mandatos de Madrid, mantivo durante estes anos unha posición inflexíbel na aplicación da LOMCE e os recortes, mesmo naqueles aspectos nos que tiña aínda marxe de manobra para unha regulación propia, ben sexa na selección da dirección dos centros, na recuperación dos horarios lectivos previos aos recortes ou na elección condicionada da relixión en 1º de Bacharelato en función das demais materias cursadas.

A LOMCE como antítese ao modelo educativo que a CIG-Ensino defende

Neoliberalismo e centralismo.

A LOMCE respondeu desde o primeiro momento á doutrina neoliberal e españolizadora, nunha carreira recentralizadora que tamén ten na educación un campo de batalla fundamental. Os obxectivos que o PP se marcou ao impoñer a LOMCE e que tan celosamente se manteñen (privatización, uniformización e centralismo, elitismo e segregación, confesionalidade, xerarquización e verticalidade na toma de decisións e no goberno dos centros ou relegación e subordinación do profesorado) marcan aínda a día de hoxe a realidade do sistema educativo e impiden que podamos desenvolver un ensino galego e en galego, laico, coeducativo, equitativo e democrático, fixando unha estrutura lexislativa que constrinxa o ensino galego e en galego e limita as fortes capacidades que como docentes e como sociedade no seu conxunto poderíamos desenvolver.

O éxito da loita contra as reválidas non é suficiente.

Malia o éxito que supuxo a paralización das reválidas e o propio papel que no marco das mobilizacións xogamos como organización sindical, nunca caemos na tentación de consideralo nin un triunfo definitivo nin tampouco o elemento crucial na loita contra a LOMCE. Diante desa batalla perdida, o PP optou por unha cautela e un perfil baixo e o novo goberno Sánchez non deu aínda os pasos que a estas alturas debían xa perfilar un novo marco de referencia a nivel educativo, polo que é obvio que non podemos baixar a garda. Practicamente sen ruído seguen mantendo, despois do seu carácter eliminatorio e académico, as probas externas.

Como CIG-ENSINO, e dentro das accións emprendidas no seo da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, seguimos a promover o boicot a estas probas tanto na eso como en Primaria, ao entender que calquera proba externa debe responder a un debate previo no marco competencial galego sobre a avaliación no seu conxunto do noso sistema educativo. E así como está demostrado que as probas PISA non serven ao interese de mellorar o ensino público senón ao control curricular e, por tanto, da nosa autonomía pedagóxica, as probas externas que promove o МЕСД e que fielmente executa a Consellaría non serven para diagnosticar o estado do sistema educativo senón para condicionar o noso traballo e o proceso de aprendizaxe do noso alumnado, menosprezando e cuestionando a profesionalidade do profesorado. Mais estas probas tamén naceron con outra función fundamental: a clasificación dos centros en función destes resultados, sentando as bases para a creación de centros de elite, primando aqueles, moitas veces concertados, que dispoñen de máis recursos e medios. Boicotear esas probas tamén é un exercicio de rebeldía contra o elitismo e a estandarización e, por suposto, unha garantía de que os resultados non terán ningunha validez.

A estrutura da LOMCE que hai que derrubar.

É fundamental que sigamos a confrontar o modelo que o PP impuxo con vontade de permanencia para conseguir derrubalo e construír unha alternativa absolutamente diferente. A aritmética parlamentaria no Congreso, malia a súa complexidade, permite mover os marcos da LOMCE e derrubar esa prisión; non facelo sería desobedecer o mandato popular e mobilizador que durante estes anos se mantivo firme fronte á involución promovida polo PP e do que a CIG-ENSINO e outras entidades fomos protagonistas no noso país. Fronte a unha concepción clasista e elitista da educación debemos contraponer un modelo integrador e baseado na equidade social. Fronte ao alleamento na toma de decisións políticas en materia curricular, organizativa e de avaliación, temos a obriga de traer ao primeiro plano o contexto e as circunstancias socioeconómicas, culturais e familiares, así como as carencias e necesidades para acadar os resultados necesarios. Fronte á segregación interna nos centros, forzando ao alumnado a condicionar prematuramente o seu futuro académico e mesmo profesional, temos que apostar por un modelo que incida na motivación, na loita contra o fracaso escolar e o abandono temperá.

A LOMCE é o mellor exemplo da involución da educación baixo criterios de mercado, coa destrución de emprego e coa subordinación da planificación

educativa aos intereses da patronal do ensino concertado e da Conferencia Episcopal, ampliando os concertos e legalizando os que segregan alumnado por razón de sexo.

Os centros educativos como campo do proselitismo confesional.

No debate social ao redor da LOMCE xogou un papel central a relixión, que continúa formando parte do currículo escolar e da que xa se constata o efecto chamada que a CIG-ENSINO vaticinou ao aumentar o número de matriculacións no Bacharelato. Unha evidencia xa no aumento de matrícula, especialmente no Bacharelato, no que aínda que só un terzo do alumnado cursa a materia confesional, a cifra experimentou un incremento do 8% no último curso ao contar para a media da nota do Bacharelato. Temos que manter a firme convicción dun ensino laico e sen adoutramento confesional e como CIG apostamos por implicar o profesorado na defensa da laicidade como un valor primordial do ensino público. A relixión ten o seu lugar nos templos e na esfera persoal e privada, non nos centros educativos.

O sistema vertical no goberno dos centros, a negación da democracia e a participación.

A LOMCE asestou outro golpe letal á participación do profesorado, ao optar por unha organización e un funcionamento unipersoal e xerárquico. O modelo de concentración do poder de decisión na dirección, que é elixida pola Administración, implica un sistema vertical no que se usurpan as competencias do Claustro de profesorado e do Consello Escolar, desde a aprobación da programación xeral anual até a decisión sobre a admisión do alumnado. Aínda que están sen desenvolver determinadas prerrogativas, non esquezamos que a LOMCE permite establecer «os requisitos e méritos específicos do profesorado para cubrir postos vacantes no seu centro», rexeitar a incorporación de profesorado interino ou propor o nomeamento de profesorado, sen previo concurso. Devolver a democracia aos centros implica que o claustro tome as rendas dos debates e tomas de decisións en toda as cuestións de carácter pedagóxico e que o Consello Escolar sexa un órgano de goberno e control, potenciando a participación de toda a comunidade educativa.

A crise como pretexto para manter os recortes coa complicidade do sindicalismo estatal

«Non é unha crise, é unha estafa», berrabamos cando os primeiros efectos do rescate os bancos e os intereses especulativos do capital provocaron o trebón de agresións e recortes a todas as clases po-

pulares e que se evidenciou, no campo do ensino público e do profesorado que traballamos nel, coa imposición por parte do PP dunha política educativa e en materia de persoal que trouxo consigo recortes que a día de hoxe aínda se manteñen malia o cacarexo continuado da recuperación económica.

Os recortes que impiden mellorar as nosas condicións de traballo.

A redución de profesorado nos centros educativos, o aumento das ratios en moitas aulas do ámbito urbano ou o agrupamento nunha mesma aula de alumnado de diferentes niveis no ámbito rural, a diminución dos orzamentos destinados ao ensino público, a desatención á educación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a ampliación do horario lectivo do profesorado ou a aplicación de taxas de reposición coas consecuentes reducións das ofertas de emprego foron elementos que lastraron e continúan a lastrar a calidade do ensino público e as nosas condicións de traballo. Os acordos dos sindicatos estatais, tanto en Madrid como na súa tradución galega coa Xunta, lonxe de incidir na recuperación dos postos de traballo perdidos, deron por bos eses recortes e aceptaron que nas ofertas de emprego público dos próximos anos non se podan superar os actuais postos de traballo existentes, nun exercicio vergoñento de submisión ao PP e os recortes de empregados e empregadas públicas na última década. Estes acordos supoñen, tamén, unha cortina de fume para toda a desfeita de postos de traballo provocada desde a Xunta e o Estado e un opiáceo co envoltorio de ofertas de emprego obrigadas polo disparate das taxas de reposición de anos anteriores e pola propia evolución do marco xurídico europeo e que se fan sen ter en conta o persoal docente que durante estes anos ocupou con contratos de interinaxe esas prazas, poñendo as cifras por diante das persoas.

Unha perda económica que non recuperamos.

A fraude dunha crise usada para recortar os nosos dereitos e derivar fondos ao rescate de entidades bancarias tamén provocou a redución do salario do profesorado cunha perda de poder adquisitivo que superou o 13% nas retribucións do Estado e que en Galiza foi superada amplamente polo efecto de manter os recortes nas pagas extras durante 3 anos máis que no resto do Estado (do 2014 ao 2016). De novo asistimos a un agravamento dos recortes para os e as empregadas públicas galegas que, no caso do persoal docente, incide en maior medida ao estar as nosas retribucións xa por baixo do que cobra o profesorado en moitas outras comunidades autónomas. Mais tamén aquí contamos coa complicidade do sindicalismo estatal do pacto permanente,

que no ano 2018 pecharon dous acordos nos que se aceptou submisamente as regras de xogo do PP. En Madrid, no marco da negociación xeral para todo o persoal do sector público chegaron a un acordo de incremento salarial a tres anos vista (até 2020) que implica desvincular as subas salariais do IPC por primeira vez na historia e esquecer a perda salarial ao aceptar uns incrementos que, descontado o IPC previsto para os próximos anos só vai supoñer recuperar entre un 1,45% e un 1,71% en tres anos (cando o desfase estatal é do 13%), o que implicaría que mesmo con acordos similares en vindeiros anos, tardaríamos 28 anos en recuperar a perda de poder adquisitivo vinculada ao Estado.

En Galiza, e usando fraudulentamente parte deses fondos negociados en Madrid (un 0,3% anual de toda a masa salarial do profesorado galego), a Consellaría promoveu unha negociación dun acordo salarial que implicaría a renuncia a introducir medidas para mellorar as nosas condicións laborais. Ao tempo negábase toda posibilidade de negociar a devolución das pagas extras recortadas por Feijóo desde 2013 a 2016. Finalmente a negociación limitouse a unha componenda de intereses políticos do PP e sindicais dalgunhas organizacións e non nun verdadeiro acordo de equiparación salarial. Nin polas contías insultantes (15€ en 2018, 20€ en 2019, 25€ en 2020 e 30€ en 2021), nin polos prazos vergoñentos, nin pola aceptación cega das demais oo.ss. ás limitacións impostas pola Consellaría nin pola hipoteca que supón restrinxir calquera cambio no futuro aos mesmos criterios impostos pola Xunta e asumidos pola minoría sindical, se pode falar dun acordo asumíbel. Así o evidenciou a CIG-ENSINO ao longo da farsa negociadora, o que fortalece a nosa firme decisión de denunciar esas prácticas sindicais e de apostar polo modelo sindical que queremos seguir a representar.

Dos recortes en activo ao castigo na xubilación.

Hai anos, a porcentaxe de profesorado que se acoillía á xubilación anticipada con bonificación era baixa e en ningún caso superaban o 40% do profesorado que tiña 60 anos de idade, con cifras moito máis baixas nos corpos do grupo A1. Hoxe podemos ver como é maior o número de docentes que se xubilan anticipadamente malia termos perdido esa compensación, o que é o mellor exemplo dos efectos do deterioro da nosa profesión. Temos que seguir a defender como obxectivo unha xubilación anticipada incentivada sen esquecer que os recortes tamén inciden no día despois da xubilación.

Todo o profesorado que aprobou as oposicións após o 2010 así como as persoas que cheguen á xubilación sendo persoal interino sufrirán direc-

tamente os efectos das reformas das pensións de 2011 e 2013. Mais todo o resto (o persoal docente de Clases Pasivas) tamén verá minguadas as súas pensións por aquelas reformas. A primeira delas foi pactada entre o goberno do PSOE, a patronal, CCOO e UGT e contra ela a CIG convocou unha folga xeral en solitario. Hoxe, sete anos despois, podemos ver claramente os efectos daquel pacto do 2011: ampliación da idade de xubilación ao 67 anos, incremento de 15 a 25 anos para o cómputo da pensión ou a introdución do factor de sustentabilidade a partir de 2019 (principal cambio da reforma do PP, cando na reforma pactada no 2011 este recorte entraba en vigor no 2027 e que agora se traslada ao 2023 tras o acordo do PP co PNV para os orzamentos de 2018), o que implica cobrar menos pensión por termos unha maior esperanza de vida. Non lles abonda con empeorar as nosas condicións como docentes, tamén queren que vivamos peor como pensionistas, co obxectivo de laminar o sistema público de pensións e engordar as contas de beneficios dos bancos e fondos de pensións privados. Fronte a isto, temos que construír un dique de contención que faga das pensións públicas un elemento central de debate e demanda de todas e todos os docentes, non só dos que se atopan máis preto da idade de se xubilar. Todo o profesorado debe ter o mesmo dereito a se xubilar anticipadamente logo de toda unha vida de traballo no ensino público, con pensións dignas e con condicións que non impliquen un castigo como o que impoñen as reformas do 2011 e 2013.

A perspectiva social. Unha educación pública ao servizo do pobo

Unha organización sindical como a CIG-ENSINO ten como elementos definitorios da súa razón de ser a defensa do profesorado mais tamén a do ensino público. Ambos postulados son indisolubéis. Por iso toda análise e toda proposta de acción parte necesariamente do factor social que a educación ten e que como docentes debemos protexer e reivindicar.

Os recortes sociais, tamén no ensino público.

As políticas da Xunta sempre subordinadas aos mandatos da Unión Europea ou da Moncloa, incidiron especialmente en aspectos de carácter social contra os que como docentes debemos alertar e combater. A eliminación da gratuidade universal dos libros de texto, o pago polo comedor escolar a alumnado transportado, as restricións e a nova política do transporte escolar (mesturado coas liñas regulares e xa non dependente da Consellaría de Educación), as maiores facilidades no proceso de admisión de alumnado para centros privados con-

certados xunto cun maior financiamento destes, a escasa relevancia da política de bolsas de estudo para alumnado de FP, o peche de aulas e unidades escolares no ámbito rural, etc... son exemplos dunha política que se traduce en cifras globais cunha paulatina perda de relevancia das partidas da Consellaría de Educación no conxunto dos orzamentos da Xunta.

A lingua recortada.

No marco deses orzamentos cabe salientar outro elemento que identifica perfectamente a política de autoodio da institución, o noso propio goberno, que debería velar e protexer o noso idioma. Tan só 73 céntimos de cada 1.000€ son para o fomento do galego. E iso mentres continúa a exclusión do noso idioma de materias científicas, a redución da presenza do galego no conxunto da carga lectiva da ESO e do Bacharelato ou da alarmante desaparición do noso idioma nas aulas de infantil, especialmente en ámbitos urbanos. Mentres, baixo o mantra dun plurilingüismo cada vez máis cuestionado pedagogicamente, agóchase unha política de obstrución á presenza do galego nas aulas e mesmo nos materiais curriculares de materias de impartición en galego. Na comparación da distribución lingüística das aulas dos cursos 2015/2016 e 2016/2017, constatouse que se mantén a abafante exclusión do galego na inmensa maioría dos centros de Educación Infantil, cun 76% dos centros que realizan o primeiro ensino maioritaria ou exclusivamente en castelán, fronte ao 19% que manifesta tentar equiparar o uso de ambas as linguas.

A política lingüística da Xunta ten como obxectivo converter a nosa lingua nun elemento ritual, desconectado do uso diario e desprestixiado socialmente. Fronte a isto debemos incidir na axitación social e na defensa do noso idioma en todos os ámbitos mais, especialmente como docentes que somos, nas nosas aulas, nos nosos centros, como elementos dinamizadores da expansión da nosa lingua.

A vía alternativa: unha Lei Galega de Educación.

Para contrapoñer propostas a toda a carga de profundidade que representa a política educativa do goberno Feijóo contra o ensino público, a equidade social, os dereitos do profesorado ou os dereitos lingüísticos é preciso afrontar a situación actual do profesorado galego e o ensino público desde unha perspectiva global. Así o fixo a CIG-ENSINO defendendo no Parlamento Galego en 2015 unha ILP que incluía medidas para restitución dos dereitos laborais, profesionais e retributivos do profesorado e para a mellora da calidade do ensino en Galiza. Entre elas, o debate e posterior aprobación dunha Lei Galega de Educación. E así o volvemos facer na

primavera de 2018 co apoio de 11.915 docentes a unha campaña de medidas urxentes para recuperar os nosos dereitos.

Precisamos un sistema educativo inserido na nosa realidade nacional para que dea resposta acaída ás necesidades da educación na Galiza, facilite o acceso en igualdade de condicións ao conxunto dos cidadáns e cidadás, garanta un sistema educativo propio, destine os orzamentos necesarios á educación pública, remate coas subvencións ao ensino privado e camiñe cara a asumir todas as competencias en materia educativa.

O dereito á educación pública universal supón un pilar imprescindible para construírmos unha sociedade democrática. Sen uns servizos públicos para todos e todas non é posíbel camiñar cara á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria. Por iso, a educación non debe converterse nunca nun negocio, nunha mercadoría máis; por iso, o ensino público e laico é a mellor garantía da escola plural, gratuíta, xusta e democrática. De aí a importancia de reforzarmos a CIG-ENSINO como baluarte na defensa do ensino público e galego.

É imprescindible elaborar unha lei do sistema educativo galego que, partindo daquela ILP presentada pola CIG-ENSINO, se asente nunha planificación e ordenación escolar diferente e supere o actual marco lexislativo. É necesario un modelo educativo que teña como alicerce o dereito universal de todos e todas as galegas a unha educación pública desde os 0 aos 18 anos e que se sustente nunha única rede de ensino, a pública, e na galeguización do ensino. Para isto, iniciárase a supresión inmediata dos concertos educativos no ensino non obrigatorio e nos centros que segregan alumnado por razóns de xénero que desembocaría na súa total eliminación. Precisamos un sistema educativo que dote todos os centros de suficiente profesorado de todas as especialidades, educadores sociais, profesorado de PT e AL, orientadores e orientadoras, así como de persoal administrativo necesario, e que forneza todos os centros de servizos complementarios gratuítos e dunha oferta gratuíta de actividades extraescolares; un sistema educativo que reduza o número de alumnado por aula, que contemple un plan específico para a escolarización no medio rural, que garanta unha oferta suficiente de prazas públicas en todos os niveis educativos, incluída educación infantil de 0 a 3 anos, así como unha ampla oferta en FP; un sistema educativo que recoñeza o traballo docente e restitúa os dereitos que nos foron eliminados, mellore as nosas condicións laborais, profesionais e de formación e evite a estratificación e burocratización; un sistema educativo co financia-

mento do 7% do PIB, que garanta os recursos compensatorios necesarios para conseguir a igualdade de oportunidades, facilite os desdobres, o ensino inclusivo e a atención personalizada, desbote a segregación e os itinerarios, atenda debidamente o alumnado con necesidades específicas e reforce a atención á diversidade; un sistema educativo que forme cidadás e cidadáns libres, solidarios e comprometidos coa xustiza social e cos dereitos dos pobos; un sistema educativo, en fin, a servizo de Galiza e dos galegos e galegas, motor de transformación e de cambio para acadar un sistema galego público, laico e democrático.

NIN TUTELAS NIN LÍMITES: AFIANZAR O MODELO SINDICAL ALTERNATIVO QUE REPRESENTA A CIG-ENSINO

Como organización sindical nunca nos puxemos límites nin aceptamos os marcos que nos fixa a estrutura política e administrativa do Estado español. Por iso todas as nosas actuacións, e o propio modelo de acción sindical que encarnamos, van na liña de superar esas limitacións, cun sistema educativo de noso e ao servizo das persoas que formamos este país, no camiño da plena soberanía política que como nación precisamos. Por iso acreditamos na capacidade do profesorado galego de valerse por si, sen inxerencias nin tutelas; por iso cremos na nosa autoorganización, da que a CIG-ENSINO foi sempre unha clara expresión e unha útil ferramenta.

Un modelo sindical diferente, aberto e participativo

O noso modelo sindical aséntase na participación do profesorado e na acción, mobilización e negociación para avanzarmos cara á consecución dos nosos obxectivos. Somos a outra cara do sindicalismo entregado aos intereses do sistema, pactista e avalista das medidas tomadas polos gobernos, co centro de decisión afastado do profesorado e actuando ás costas deste.

O noso modelo susténtase na defensa do profesorado galego e do ensino público galego e en galego. Non aceptamos que desde fóra condicionen as

nosas decisións, que pensen e decidan por nós. De aí que o modelo sindical pete de cheo cos restantes sindicatos actuantes en Galiza, actores secundarios dun modelo de franquía no que Madrid é o centro de poder e de toma de decisións. En contraste, a CIG-ENSINO é a única organización sindical nacionalista actuante en Galiza e, por tanto, as nosas propostas decídense no país e só nos debemos ao profesorado galego.

Estamos en permanente contacto cos centros educativos, con asembleas de información e debate, de contraste e retroalimentación, para que a CIG-ENSINO poida ser esa canle de participación do profesorado e para que as súas propias propostas e achegas marquen a nosa liña de acción.

Un modelo sindical cunha longa traxectoria como referente entre o profesorado

O apoio maioritario á CIG-ENSINO en todos as eleccións é o mellor aval do profesorado ao noso traballo e ao modelo sindical alternativo a outras expresións caducas e pactistas, un modelo sindical transformador de clase e galego. Un aval que non só se expresa nas citas electorais senón que se acompaña cunha forte implantación afiliativa e cun importante respaldo ás numerosas campañas e propostas lanzadas desde o sindicato. Ese apoio é o que nos permite camiñar co profesorado na firme defensa dos nosos dereitos.

Novamente, **apelamos á participación do profesorado para fortalecer co voto nestas eleccións sindicais o modelo sindical que representa a CIG-ENSINO**, e impedir que o sindicalismo da concertación permanente e dirixido por cúpulas que actúan de costas ao profesorado e aos seus intereses poida coller corpo no noso país.

A forza da CIG-ENSINO segue sendo necesaria. Seguimos en tempo de defensa fronte aos recortes, xa que estes foron impostos desde o poder con vontade de permanencia e non podemos permitir a súa consolidación. Os acordos do ano 2018 no ámbito salarial invitan precisamente a apostar por un modelo ben diferente ao daqueles sindicatos que asumen pactos que non responden ás demandas do persoal docente. Como se pode entender, se non, a confluencia de intereses das demais oo.ss. coa Xunta á hora de se negaren a negociar a recuperación de dereitos arrebatados polo goberno Feijóo? Como se explica que se acepte unha negociación tramposa na que se usen cartos dunha negociación xa pechada en Madrid, para abaratar o gasto da Xunta no acordo docente? Hai alguén que

asuma a submisión a un acordo con vencemento a tres anos e medio e con contías que non implican ningún cambio substancial ao respecto do resto do Estado? Na CIG-ENSINO sentimos como unha obriga levar ás mesas de negociación o mandato do profesorado a quen representamos. Así o fixemos sempre e así o faremos se o profesorado mantén a súa confianza no sindicalismo alternativo, democrático e transformador que construímos a diario.

Seguimos na defensa fronte á privatización do ensino público ou a súa desgaleguización mais precisamos dar un paso vital que nos leve á recuperación do que nos foi roubado. Precisamos gañar un futuro que parta do rescate dos nosos dereitos. Para iso é condición fundamental que teñamos a capacidade de condicionar a política educativa en Galiza, reforzando a Mesa Sectorial e converténdoa nun verdadeiro marco galego de negociación, algo que só é posíbel se o profesorado achega máis forza ao papel que a CIG-ENSINO desempeña para condicionar positivamente as decisións da Consellaría.

Nese papel de contarnos cunha forte presenza como portavoces do profesorado nos diferentes ámbitos de negociación tamén é preciso que a CIG-ENSINO manteña as maiorías consolidadas nas Xuntas de Persoal Docente.

O apoio que como CIG-ENSINO recibamos tamén permitirá que as demandas e propostas do profesorado galego estean presentes en ámbitos de negociación como a Mesa Sectorial de Educación do Estado, o Consello Escolar de Galiza, o Consello Escolar do Estado, o Consello Galego de Formación Profesional ou Consello Xeral de Formación Profesional do Estado, sen esquecer outros que como persoal funcionario tamén teñen unha destacada relevancia como as Mesas Xerais de Negociación para as e os empregados públicos.

O ensino público que a CIG-Ensino quere

- **Galego:** desde a raíz das necesidades educativas do noso país, axeitado á nosa realidade social e cultural, que potencie a nosa identidade, co galego como única lingua vehicular e dirixido e controlado polas institucións educativas galegas.
- **Público:** cunha rede única de ensino público e descartando, por tanto, as subvencións e os concertos educativos co ensino privado.
- **Gratuíto:** o ensino como un servizo público e universal. Defendemos a súa gratuidade total, rexeitando a concepción da educación como un negocio, na convicción de que o ensino público é

a mellor garantía de escola plural e democrática, non suxeita a idearios.

- **Laico:** o estudo do feito relixioso considerámo-lo un tema cultural e histórico e ten o seu lugar no ámbito das Ciencias Sociais. A difusión da fe relixiosa non ten cabida nas institucións educativas e, en consecuencia, a relixión non pode formar parte do currículo escolar.
- **Democrático:** que forme o alumnado para participar activa, responsábel e criticamente na sociedade, e que consiga a plena integración de todas as persoas na vida social, cultural e profesional a través do respecto ás liberdades e dereitos humanos, e no exercicio da liberdade.
- **Coeducativo, non sexista e inclusivo:** unha educación que garanta a igualdade entre homes e mulleres e que fomente a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, rompendo cos estereotipos sexistas e heteropatriarcais, o maltrato contra as mulleres ou a homofobia; un ensino que promova o respecto ás distintas opcións sexuais e aos dereitos LGTBI e que erradique a invisibilidade, o teito de cristal, os prexuízos de xénero e de identidade sexual e as actitudes machistas.
- **Que eduque para a defensa do medio ambiente,** incorporando no currículo escolar os contidos, obxectivos, métodos e técnicas necesarias para unha educación que promova a sensibilización medioambiental e a concienciación sobre o desenvolvemento sustentábel.
- **Que eduque para a paz** e que incorpore a necesidade de rematarmos co imperialismo, o belicismo, o militarismo, o racismo e o fascismo, a nuclearización e as ideas e os heroes insolidarios e violentos.
- **Que eduque para a igualdade, a solidariedade e a xustiza social.** A CIG defende unha educación que integre os valores da igualdade e de solidariedade entre os pobos e entre as persoas, e que loite por rematar con todo tipo de discriminación, coa fin de acadar maiores niveis de xustiza social e poder exercer plenamente os dereitos humanos individuais, colectivos e sociais. Así mesmo, a CIG defenderá a loita común dos traballadores e traballadoras do mundo pola súa completa emancipación e a dos pobos que traballan pola súa liberación nacional e a súa soberanía.

PROPOSTAS DA CIG-ENSINO PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS LABORAIS DO PROFESORADO

Retribucións

O profesorado galego padeceu unha agresiva e continua redución salarial nos últimos anos, incluída unha parte importante das pagas extras, que seguen aínda hoxe incompletas, ao que hai que sumar as importantes perdas do poder adquisitivo como consecuencia dos pactos acadados polas organizacións sindicais españolas, que nin sequera garantían a suba dos salarios igual ao IPC previsto. Acordos como o que asinaron CCOO, UGT e CSIF neste ano 2018, un novo ataque ás funcionarias e funcionarios, xa que por vez primeira, e co apoio sindical sinalado, os nosos salarios xa non se indexarán en función da carestía da vida, senón en función da evolución da economía global española. Isto senta un precedente pernicioso, pois o PIB só reflicte o incremento do valor monetario dos bens e servizos, desligándose da evolución dos prezos do noso consumo diario e sen establecer antes criterios de reparto igualitario de ditos beneficios. É deleznable que se asinen acordos co goberno do Partido Popular que tantos e tan graves ataques fixo á clase traballadora, aos servizos públicos e nomeadamente ao ensino. Acordos que non beneficiarían o profesorado, ao contrario, xa que dan por válidos os recortes perpetrados sen asumir ningún calendario de recuperación dos salarios perdidos nestes anos. Asinalos unicamente é entendíbel polos pingües beneficios do posterior acordo de formación, que reportará 5 millóns de euros anuais das traballadoras e traballadores públicos para cursos internos desas organizacións sindicais. A negociación retributiva para o persoal docente deste mesmo ano non foi nin máis nin menos que un novo capítulo nesa submisión lamentábel á que nos teñen acostumados sindicatos que, teñan maioría (Madrid) ou estean en minoría (Galiza) sempre reproducen o papel de colaboradores necesarios con quen provocaron desde os gobernos as peores agresións ao profesorado.

A CIG-ENSINO defende:

- A restitución dos nosos salarios e das pagas extras completas.

- O establecemento dun plano anual que recupere a perda de poder adquisitivo dos últimos anos, coa devolución do arrebatado das pagas extras de 2013 a 2016.
- O dereito á cláusula de revisión salarial para que os nosos salarios non continúen perdendo poder adquisitivo, e asegure, como mínimo, a suba do IPC real, eliminando a vinculación das nosas retribucións do PIB.
- A negociación dun acordo retributivo no ensino público que supere os límites impostos na negociación salarial de finais do curso 2017/18 e responda fielmente á necesidade de mellorar as nosas retribucións e valorar a profesión docente.
- Modificación do sistema retributivo para o persoal docente, tendendo a unha maior simplificación, no camiño do corpo único de ensinantes, e no que a única diferenza salarial sexa nas retribucións básicas mentres se manteñan as diferenzas nos requisitos de acceso.
- O complemento de destino de nivel 26 para todo o profesorado comezando coa xeneralización do nivel 24 para todo o profesorado do corpo de mestres.
- Como paso inmediato, a retribución do complemento equivalente ao nivel 24 a todo o profesorado que imparte en secundaria, incluíndo a especialistas de PT e AL e aquel profesorado do corpo de mestres que imparte materias da ESO a persoas adultas, nos programas PROA ou na atención hospitalaria.
- A percepción do 100% das retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal.
- O dereito do profesorado substituto a cobrar os meses de verán con cinco meses de traballo no curso escolar.
- O dereito do profesorado que substitúe a titulares con cargos a percibir a retribución dos complementos correspondentes e ao recoñecemento administrativo para todos os efectos.
- A percepción do complemento de adultos a todo o profesorado que imparta docencia nesta modalidade.
- O restabelecemento do acordo suscrito pola CIG para que se destine o 1% da masa salarial do capítulo dos orzamentos da Xunta de Galiza ao Fondo de Acción Social, recuperando as axudas por crianzas, estudos, etc.

Xornada lectiva e laboral do profesorado

A negociación, durante o curso 2007-2008, dun novo regulamento da xornada única non tivo o resultado que desde a CIG-ENSINO viñamos propondo, xa que continúa estando condicionada polo transporte escolar, as porcentaxes necesarias para aco-

llerse á xornada única continúan sendo excesivas e non se garanten os servizos complementarios. A CIG-ENSINO segue exixindo o restabelecemento da xornada reducida nos meses de xuño e setembro, eliminada como consecuencia do acordo dos outros sindicatos coa Consellaría.

É imprescindible a anulación de todas as normas que fixeron que o profesorado vise incrementado o seu horario lectivo, tanto aumentando o número de períodos, como a duración dos mesmos.

A CIG-ENSINO defende:

- A derogación do RDL 14/2012 polo que se ampliaban a 20 os períodos lectivos en secundaria e a 25 en infantil e primaria e a negociación da restitución dos horarios en vigor antes dos recortes aplicado por Feijóo: 18 períodos de 50 minutos en secundaria, FP e demais ensinanzas e 21 no corpo de mestres
- A derogación da Orde do 23 de xuño do 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente e que establece para o profesorado novas tarefas de custodia do alumnado que non lle corresponden.
- O restabelecemento da xornada única reducida en xuño e setembro que o profesorado galego gozou até o curso 2006-2007.
- Unha nova regulamentación para a xornada única que facilite as actividades complementarias a todo o alumnado. No referente á participación dos pais e nais, sería suficiente a participación do 50% do censo e, sobre esta, os dous terzos do voto afirmativo. A opción de xornada única non pode comportar a desaparición do servizo de comedor, nin pode estar condicionada polo transporte escolar.
- O establecemento dunha xornada laboral de 35 horas para todo o profesorado, das cales 30 horas serán de dedicación ao centro e 18 períodos de 50 minutos, como máximo, serán lectivos.
- A redución do horario lectivo e posibilidade de realizar actividades non docentes para o profesorado que, por motivos de saúde, vexa minguada a súa capacidade para a docencia.
- A posibilidade de que o profesorado maior de 55 anos se poida acoller á redución do horario lectivo, sen diminución das súas retribucións.
- A elaboración dunha lei do transporte escolar de Galiza para garantir este dereito en todos os niveis educativos, nomeadamente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular. A organización e a regulación dos itinerarios ou confluencia de empresas en varios centros non poden condicionar o horario e a xornada educativa.

- A Consellaría de Educación dotará persoal para custodiar o alumnado nas agardas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das clases e desde o remate até a saída do transporte.

Saúde laboral

É evidente que a saúde laboral e a prevención de riscos non son una preocupación para a Consellaría; nin o incumprimento da lexislación vixente, nin as demandas que se fan por parte da CIG son estímulo suficiente para que a Administración cumpra coas súas obrigas. As reiteradas demandas en temas tan importantes como o gas Radón, o amianto, a avaliación de riscos nos centros, a mellora nos recoñecementos médicos e a súa realización na sanidade pública son obviadas por un goberno despreocupado e temerario tamén neste eido.

A CIG-ENSINO defende:

- Recoñecemento médico anual para todo o profesorado na sanidade pública, descentralizado, con revisións máis completas e especial atención á perspectiva de xénero, e con cobertura económica dos desprazamentos.
- Ampliación e mellora dos recoñecementos médicos:
 - Facer un estudo e actuacións nos talleres dos centros de Formación Profesional.
 - Realizar recoñecementos específicos en sectores que si requiren algún tipo de proba médica especial. Entre os supostos destes sectores poderíanse considerar o profesorado que realiza o seu traballo impartindo aulas en laboratorios, talleres, nos ciclos de diferentes familias profesionais, entre outros:
 - Agraria, Artes gráficas, Fabricación mecánica (polo mal estado de moitas das máquinas que nin sequera teñen o certificado CE, nin se realizou a súa adaptación e especialmente no ciclo de soldadura e caldeirería polo tema dos gases e emprego de produtos tóxicos)
 - Industrias alimentarias.
 - Instalación e mantemento.
 - Madeira, moble e cortiza (extremo perigo do po de certas madeiras, ademais dos produtos como vernices).
 - Química (estado deplorábel de certos laboratorios, xestión dos residuos que son xerados).
 - Sanidade (sobre todo o ciclo de Hixiene bucodental e próteses dentais polo emprego de diversos materiais e pola carencia de medidas preventivas como cabinas estancas e aspiracións focalizadas).
 - Transporte e mantemento de vehículos (emprego de pinturas, aceites, líquidos diversos,

falta de medidas de protección na inmensa maioría dos casos, etc.)

- A elaboración dun plan de prevención de riscos para o sector docente.
- A elaboración dun cadro de enfermidades profesionais do profesorado e o recoñecemento destas a todos os efectos legais.
- Elaboración dunha normativa que estableza a posibilidade de desenvolver unha xornada laboral que implique unha redución da xornada lectiva ou exención da mesma para aquel profesorado que, por razóns de saúde, se vexa imposibilitado para iso, sen mingua das súas retribucións.
- A negociación dun novo acordo sobre dereitos de participación en materia de prevención de riscos laborais que recolla unha dotación de delegados e delegadas de prevención, acorde coa realidade do sector, comarcalizando a representación.
- Avaliación de riscos de postos de traballo dependentes da Consellaría, facéndoa extensiva á avaliación de riscos dos centros de traballo, avaliacións ergonómicas, psicosociais, hixiénicas, de luz e ruído, temperatura, etc.
- Que se poña fin á situación de incumprimento das normas específicas en materia de protección da seguridade e saúde das traballadoras durante os períodos de embarazo e lactación, axilizando a posta en marcha do protocolo teoricamente establecido ao respecto e esclarecendo cales son os criterios utilizados para resolver as certificacións médicas nos distintos postos de traballo no caso de risco durante o embarazo e lactación, trasladando esta información á representación das traballadoras e traballadores en materia de prevención de riscos. As ditas certificacións médicas terán que ser realizadas polo persoal do SERGAS. Ademais, se chegado o momento se dese a circunstancia de ter que actualizar ou verificar a vixencia da avaliación de riscos dun posto de traballo, esa verificación debe realizarse nun prazo que non se debe prolongar máis alá de sete días naturais, propiciando así que o prazo máximo para resolver o expediente sexa inferior ao legalmente establecido de 30 días, desde a entrada da solicitude da traballadora no rexistro.
- A actualización dos plans de emerxencia en todos os centros.
- A elaboración dos protocolos de actuación ante caso de mobbing, burn-out, etc.
- A dotación dos servizos de prevención comarcais e dotación de técnicos.
- A elaboración de forma urxente dun inventario dos centros educativos de Galiza nos que pode haber amianto para a súa progresiva eliminación, que será no menor tempo posíbel, inicián-

do os traballos de forma inmediata nos casos nos que ben polo tipo de material, ben polo estado no que se atope, ou polo fin da súa vida útil, resulten perigosos. Os traballos terán que axustarse á normativa vixente buscando a época máis idónea para facer a retirada en condicións, polo que os períodos non lectivos serán os indicados, alén dunha exhaustiva inspección da zona antes de que se volvan iniciar as actividades lectivas.

- Que se inicie de forma urxente e inmediata a medición da presenza de gas Radon en todos os centros de ensino de Galiza, tomando as medidas cautelares pertinentes para a seguridade, tanto de traballadoras e traballadores como do alumnado.
- A formación en materia de prevención de riscos e saúde laboral para todo o persoal.

Conciliación da vida familiar e laboral

A CIG-ENSINO defende:

- A ampliación do número de días dos permisos retribuídos polo nacemento de fillas e fillos, morte, accidente, doenza grave ou enfermidade de longa duración e hospitalización, incluíndo os casos de adopción e acollemento.
- Ampliación do permiso de maternidade a 12 meses de duración e que progresivamente o permiso para o outro proxenitor se amplie até chegar á mesma duración, consolidándose o permiso de maternidade como un permiso non transferíbel.
- Flexibilización do permiso para a outra persoa proxenitora no caso de hospitalización da filla ou fillo neonato.
- Aumento do permiso por coidado dun fillo ou filla a 2 horas diarias até o seu primeiro ano de vida, e 1 hora até os tres anos ou o equivalente a 16 semanas de acumulación.
- A flexibilidade no uso dos permisos retribuídos por nacemento, enfermidade, hospitalización ou falecemento, de xeito que poidan ser utilizados en horas ou días descontínuos.
- O aumento das posibilidades de redución de xornada sen perda retributiva até os 3 anos.
- A regulación da posibilidade de ter unha licenza, polo tempo necesario, debido a enfermidades de parentesco de 1º grao de consanguinidade.
- Regulamentación dos deberes inescusábeis relacionados coa conciliación da vida laboral e familiar, recoñecidos na actualidade, máis sen concretar.
- Todos os permisos deberán ser computados en días hábiles.

Protección do profesorado e responsabilidade civil

A CIG-ENSINO defende:

- A protección e asistencia letrada para o profesorado en casos de agresión, insultos, estafas, ameaza, aldraxe, inxuria, calumnias, difamación e, en xeral, ante calquera atentado contra a súa persoa ou os seus bens, por razón do exercicio das súas funcións. A Consellaría concertará un sistema de cobertura que debe cubrir os accidentes acontecidos no desempeño do labor docente.
- A Xunta de Galiza propiciará o desenvolvemento da lexislación e a regulamentación do procedemento en todos os temas relativos á responsabilidade civil do profesorado, a través do cal o profesorado afectado poda reclamar coa maior axilidade os danos producidos como consecuencia da actividade normal ou anormal dos servizos da Administración en xeral.
- A Consellaría informará detalladamente aos centros de traballo e ao persoal docente afectado acerca dos trámites a seguir en caso de accidente ou dano.

Xubilacións

A Administración suprimiu o dereito á xubilación anticipada gratificada, prevalecendo só a posibilidade de xubilación anticipada aos 60 anos con 30 de servizo para os docentes do réxime de clases pasivas. A CIG-ENSINO batallou para asegurar e mellorar o sistema de xubilación anticipada, tendo en conta as características do sistema educativo, para facilitar a incorporación de novos docentes e crear emprego.

Hai hoxe dous grupos de funcionariado atendendo ao ano de ingreso como funcionarios de carreira na docencia, quen entraron antes de 2011 pertencentes ao réxime de Clases Pasivas e que conservan a posibilidade da xubilación anticipada, e quen ingresaron desde ese ano, que pertencen ao Réxime Xeral da Seguridade Social, e no caso de optar no futuro por unha xubilación anticipada sufriran unha merma enorme na súa pensión, alén de que a idade ordinaria será de 67 anos froito do acordo que en 2011 asinaron CCOO e UGT co goberno do PSOE.

A CIG-ENSINO defende:

- O dereito indefinido do profesorado de poderse xubilación anticipadamente. Negociación dun acordo para garantir a todo o profesorado o dereito a xubilarse anticipadamente, independentemente

temente do réxime de cotización ou situación administrativa.

- O dereito do profesorado que teña 60 anos de idade e 25 de servizo, ou ben 35 anos de servizo sen ter en conta a idade, a percibir gratificacións por xubilación anticipada cunha prima de xubilación cuxa contía, sumada á pensión que reciba, será equivalente ás retribucións que percibiría de estar en activo até os 65 anos. As prazas que queden vacantes como consecuencia da xubilación anticipada non serán amortizadas.
- A mellora das actuais pensións para todo o profesorado, coa derogación das reformas de 2011 e 2013, vinculando as pensións ao IPC e eliminando calquera outro factor corrector como o da sustentabilidade.
- O dereito a percibir o 100% do haber regulador con 30 anos de servizo, no horizonte de atinxir unha xubilación co 100% de todas as retribucións.

Mobildade

A CIG-ENSINO defende:

- Un Real Decreto básico que conteña o menor número posíbel de normas con carácter de básicas para todo o Estado, co obxecto de que todas as administracións educativas teñan as máximas competencias para lexislar neste tema.
- A modificación legal correspondente para retirar a exigencia de permanecer dous anos no primeiro destino para poder concursar.
- Que todos os postos e/ou unidades que sexan docentes e permanentes, como norma xeral, se cubran definitivamente por concurso ordinario ou específico.
- Eliminación ou redución substancial da meritocracia nos concursos de traslados, eliminando a puntuación por servizos na administración se non son de docencia.
- A modificación da normativa básica para o concurso de traslados, co obxecto de acabar coa discriminación do profesorado provisional para modificar e/ou suprimir diferentes apartados do baremo, que debe ter como base fundamental a antigüidade no centro e os servizos prestados.
- Que a situación de provisionalidade, como norma xeral, non supere os dous anos.
- Que o profesorado suprimido ou desprazado de calquera corpo docente teña dereito a unha praza no centro de orixe ou localidade, mentres non acadase destino definitivo e sempre que exerza o dereito preferente, eliminando a zona educativa no corpo de mestres.
- A supresión da obrigatoriedade de impartir materias afíns sen ningunha mingua nas retribucións.

- A oferta de prazas no corpo ao que pertenza o profesorado.
- As prazas bilingües das seccións bilingües e dos centros plurilingües non serán ofertadas como tales no cxt.
- O desempeño de cargos directivos ou outras funcións seranlle recoñecidas en iguais condicións ao profesorado substituído o titular no desempeño das súas funcións, independentemente da súa situación administrativa.

Profesorado interino e substituto, creación de emprego estábel

Desde a perspectiva dun sindicato de clase é inadmisíbel que se manteña a inestabilidade e a precariedade laboral dunha parte importante do profesorado. Por este motivo, para a CIG-ENSINO, a estabilidade laboral é unha demanda básica, polo que seguiremos exixindo da Consellaría un acordo de estabilidade que contribúa á calidade do ensino e a garantir o emprego dos e das traballadoras do ensino público. Reclamamos a supresión definitiva da taxa de reposición que permita negociar ofertas amplas de emprego acordes ás necesidades reais do ensino público do noso país, que contribúan a crear emprego estábel e a recuperar os recortes de persoal dos últimos anos, baixo un sistema de ingreso e acceso que contemple unha dobre vía que garanta que os e as aspirantes podan optar en igualdade de condicións a un posto estábel na administración pública.

A CIG-ENSINO defende:

- A urxencia de negociacións para acadar un acordo de estabilidade para todo o profesorado. Nel preverase a estabilidade até a xubilación para o profesorado con máis de 50 anos ou que leva anos traballando para a Administración.
- Os mesmos dereitos laborais para o funcionariado de carreira e o profesorado interino e substituto: formación, pago inmediato dos salarios, dereito a percibir axudas do fondo de acción social, participación en programas e concursos específicos, non discriminación na orde de prelación para a concesión de licenzas por estudo e PIALE...
- Que o contrato do profesorado substituto inclúa o período de verán se o titular continúa de baixa.
- A modificación da lexislación que recolla unha vía de acceso diferenciado para o profesorado con servizos prestados na Administración educativa, mediante unha proba ligada á práctica docente, non eliminatoria, e un concurso en que os servizos prestados signifiquen o máximo permitido.

- Convocatoria de ofertas amplas de emprego no ensino para dar resposta ás necesidades dos centros e para rematar coa precariedade e temporalidade do profesorado.
- A supresión da taxa de reposición. A administración educativa ofertará, como mínimo, todas as vacantes producidas e creará as necesarías para unha atención educativa de calidade.
- Todo o profesorado con cinco meses de servizo no curso escolar terá dereito a percibir as retribucións dos meses de vacacións escolares do verán.

Formación do profesorado

A formación do profesorado debe ser un pilar do sistema educativo entendido como base sobre a que se asenta a mellora da educación e, en última instancia, da sociedade. Porén, a Consellería enténdea como unha estrutura centralizada e piramidal na que se dá escasa cabida ao profesorado máis que como mero receptor. Trátase dunha formación ao servizo da adquisición de coñecementos practicamente restrinxidos ás linguas estranxeiras e ás TIC.

Consideramos que a formación debe ser entendida como un dereito e un medio que capacita para un óptimo desempeño da función docente. Tal como se ofrece neste momento desde a Consellería de Educación, o profesorado enténdea como un traballo a maiores, fóra de horario lectivo e como unha exixencia para acadar os emolumentos vinculados aos sexenios.

A CIG-ENSINO defende:

- A derogación do decreto que regula a actual formación do profesorado. Un novo decreto debe partir dos principios de horizontalidade e participación do profesorado e darlle protagonismo e capacidade organizativa aos centros de traballo.
- A derogación da orde de homologación de actividades e a negociación dunha nova orde que considere que a formación do profesorado debe ser competencia exclusiva da Administración educativa, da universidade, das organizacións sindicais do ensino e dos movementos de renovación pedagóxica (MRP). Débese excluír o sistema de convenios con entidades alleas á educación coas que a Consellería chega a acordos para a homologación de actividades conforme a criterios internos e pouco transparentes. A nova orde non debería incluír a imposibilidade de formarse durante as incapacidades laborais transitorias; xa que determinadas baixas, como

por exemplo as relacionadas coa inmovilidade eventual, permiten a formación a distancia.

- A implantación dunhas liñas prioritarias de formación que contemplan o fomento da lingua galega. É necesario un plan de Normalización Lingüística que garanta non só que todo o profesorado teña os coñecementos necesarios para utilizar a lingua galega como vehicular nas súas aulas, senón tamén a consecución de actitudes positivas de cara a ela. Ambos aspectos son imprescindíbeis para a progresiva e necesaria normalización lingüística.
- A elaboración dun plan de formación do profesorado coa participación das organizacións sindicais e os MRP. Neste plan débense ter en conta aspectos cruciais da formación como a renovación pedagóxica e o incremento de contidos que incidan no coñecemento da nosa realidade nacional.
- A non restrición de acceso ás actividades homologadas do profesorado titulado.
- O dereito de todo o profesorado, independentemente da súa situación profesional ou administrativa, a acceder á formación permanente dentro do horario lectivo e de permanencia no centro.
- A posibilidade de gozar o equivalente en horas a seis días lectivos cada curso escolar para asistir a actividades de formación dentro do horario lectivo.
- O dereito a unha formación descentralizada, gratuíta en todas as especialidades, áreas e materias, cos orzamentos, medios e recursos que sexan necesarios.
- O dereito de todo o profesorado a ter unha licenza ao longo da súa vida laboral, totalmente pagada, para a realización de estudos ou de traballos de investigación que teñan incidencia real na mellora da calidade do ensino ou na súa galeguización. Isto non se corresponde co actual sistema de licenzas por formación, pensadas para satisfacer as necesidades da Administración e non do profesorado.
- A elaboración dun plan específico que permita e favoreza que o profesorado non universitario teña acceso a programas de investigación.
- A cobertura de todas as vacantes nos CFR, mediante convocatoria pública anual.
- O nomeamento da persoa responsábel de formación en todos os centros educativos, cunha redución mínima horaria de 3 horas, que se irá incrementando segundo o número de unidades e de alumnado e coa mesma consideración que unha xefatura de departamento.

PROPOSTAS DA CIG-ENSINO PARA MELLORAR A CALIDADE DO ENSINO PÚBLICO

Cuestións xerais

A CIG-ENSINO defende:

- Unha Lei Galega de Educación que se fundamente na galeguización e no ensino público como garante da igualdade, equidade, pluralidade e xustiza social
- Unha única rede pública, cunha oferta suficiente de prazas escolares, que dea cobertura ás necesidades de escolarización para todo o alumnado. Neste camiño, supresión das subvencións ao ensino privado, comezando coa eliminación inmediata dos concertos educativos nos centros que segregan alumnado por razón de xénero.
- A escolarización obrigatoria e gratuíta para o alumnado de 3 a 18 anos (transporte, libros de texto, comedor, actividades complementarias e extraescolares).
- Unha oferta pública de postos escolares para todas as crianzas de 0 a 3 anos, tanto no medio urbano como no rural.
- Unhas ratios que permitan unha mellor atención ao alumnado e a mellora das condicións nas que o profesorado desempeña o seu traballo: 15 alumnas e alumnos no segundo ciclo de educación infantil, 20 na educación primaria, ESO, FP e EOI e 25 no Bacharelato. Todas estas ratios veranse reducidas naqueles grupos que escolaricen alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o alumnado repetidor terase en conta para a conformación dos grupos.
- Un Plan de Actuación Preferente destinado a combater o fracaso escolar e o abandono na escolarización temperá, garantindo unha adecuada atención á diversidade, apoio e reforzo educativo, atención personalizada e unha escolarización adecuada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, reforzando a tutoría e a orientación e apostando por un modelo educativo máis social e igualitario.
- Unha nova planificación da Formación Profesional que suprima os concertos educativos co ensino privado. Diversificación e garantía dunha oferta suficiente na rede pública para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar

e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.

- Consolidación dos equipos docentes, garantindo a máxima estabilidade nos claustros, mediante a redución do tempo en expectativa de destino.
- Xestión democrática dos centros docentes, recuperando o poder de decisión dos órganos de goberno, co claustro como elemento central para a organización do centro.
- O incremento dos cadros de persoal non docente en todos os centros: persoal administrativo, educadores e educadoras sociais e persoal coidador, así como doutros perfís profesionais, onde sexa necesario.
- O aumento das dotacións orzamentarias para Educación até chegar ao 7% do PIB para facer fronte ás necesidades educativas de Galiza.
- A xestión integrada na Consellaría de Educación de todo o relacionado co ensino público: as competencias sobre o transporte escolar, a conservación e mantemento de todas as instalacións escolares, os programas de atención ao alumnado fóra do horario escolar (actividades extraescolares, programas madrugadores, comedores...)
- Un Plan Integral de Mellora dos Centros Públicos, co obxecto de ampliar a actual rede e realizar as reparacións e medidas de conservación precisas nos centros actuais.
- Programa de construción e rehabilitación de instalacións deportivas en centros escolares, fomentando a actividade formativa e de lecer para o conxunto do alumnado, así como vestiarios suficientemente dotados.
- Apertura dun amplo debate social, coa participación do profesorado, sobre a avaliación do sistema educativo e adecuación á realidade dos centros educativos do sistema de xestión de calidade.
- Cobertura inmediata de todas as baixas laborais que se produzan, nomeando un ou unha docente substituta nun prazo máximo de 48 horas, eliminando os descontos por enfermidade.

Transporte escolar

O transporte debe entenderse como un servizo ao ensino e debe abranguer toda a poboación escolar, sen condicionar a xornada nin o calendario escolar. Cómpre unha planificación en función das características xeográficas, das poboacionais e das necesidades do sistema educativo.

A CIG-ENSINO defende:

- A elaboración dunha lei galega do transporte escolar que garanta o dereito ao transporte a

todo o alumnado de ensino non universitario, especialmente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular. A organización e a regulación dos itinerarios non condicionarán o horario e a xornada dos centros.

- A supresión da distancia mínima para ter dereito ao transporte escolar.
- A supresión das dobraxes e evitar os itinerarios multicentros que inciden nos horarios dos centros e poden provocar longas esperas para os usuarios e usuarias.
- A elaboración dun plan de racionalización do transporte escolar que supoña diminuír a permanencia do alumnado nos autobuses, acurtar os itinerarios, garantir un servizo de transporte para a realización de actividades extraescolares e complementarias e establecer medidas de seguridade, como a existencia de zonas de embarque, refuxios e accesos adecuados.
- A supresión da función de custodiar o alumnado por parte do profesorado
- A derogación da Lei 5/2009 de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galiza que establece, de xeito xeneralizado, o incremento dun 20% do custe do contrato do transporte no caso de que o centro mude de xornada partida a continuada.
- A dotación de persoal para custodiar o alumnado nas agardas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das clases e desde o remate até a saída do transporte.

Comedores escolares

A CIG-ENSINO defende:

- O alumnado escolarizado no ensino público de Galiza terá dereito a facer uso do servizo de comedor escolar. O servizo de comedor estará atendido por persoal específico non docente, dependente da administración e coa cualificación correspondente.
- Os centros que escolaricen alumnado dos niveis educativos gratuítos e non contan con servizo de comedor realizarán as reformas e actuacións necesarias para garantir a oferta deste servizo.
- O alumnado que teña que facer uso do transporte escolar para a súa escolarización terá acceso gratuíto ao comedor escolar.
- A Xunta de Galiza fixará uns prezos módicos para o resto do alumnado, co obxectivo de conseguir o acceso gratuíto para todo o alumnado do ensino básico.
- O dereito do persoal docente e non docente a usar o servizo de comedor, aboando a cota establecida pola Administración.
- Unhas dietas saudábeis e elaboradas co asesoramento de persoal técnico en dietética. Incre-

mento das cantidades fixadas pola Consellaría para cada comensal para poder elaborar menús equilibrados e adaptados ás idades escolares.

- O mantemento e a xestión pública de todos os comedores actuais.

Actividades extraescolares

A CIG-ENSINO defende:

- Unha oferta ampla de actividades extraescolares, financiadas pola Administración, con transporte gratuíto e impartidas por persoal específico e cualificado dependente da administración.
- A regulamentación e realización de actividades extraescolares, concibidas como complemento para o desenvolvemento da actividade educativa, con independencia da xornada de cada centro educativo.
- As actividades extraescolares deben estar supe-
ditadas á programación e ao proxecto educativo do centro.

Gratuidade do material didáctico

A CIG-ENSINO defende:

- A gratuidade universal dos libros de texto en todo o ensino obrigatorio e na educación infantil. Extensión da gratuidade a todo o material didáctico.
- A garantía de publicar os libros de texto e materiais en galego en todas as materias e módulos profesionais.

Bibliotecas escolares

A CIG-ENSINO defende:

- Fixar un marco lexislativo que defina o lugar da biblioteca no marco educativo, considerándoa como un departamento máis dos que integran a estrutura organizativa do centro. Este marco lexislativo deberá contemplar tamén políticas específicas que apoien o seu desenvolvemento.
- A suficiente redución do horario lectivo do/da docente responsábel da biblioteca para desenvolver as súas funcións, e o mesmo recoñecemento para os efectos administrativos e económicos que as xefaturas dos departamentos.
- As bibliotecas deberán contar cun fondo documental adecuado e actualizado, así como con instalacións e equipamentos apropiados ás súas funcións, cunha especial incidencia na dotación de material en lingua galega, tanto escrito como multimedia, facendo da biblioteca de centro un axente máis da necesaria galeguización do ensino.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)

A CIG-ENSINO defende:

- Un marco lexislativo que defina o lugar das TIC no marco educativo e que especifique claramente o traballo do perfil de coordinación TIC (funcións, redución horaria, formación específica, etc) considerándoo como un departamento máis dos que integran a estrutura organizativa do centro e contemplando políticas específicas que apoién o seu desenvolvemento implicando elementos de coordinación metodolóxica e non só tecnolóxica.
- Na actualidade, o posto de coordinación TIC queda reducido ao posto de mantemento TIC polo elevado número de incidencias que se producen, deixando de atender á coordinación didáctica e á mellora da integración das TIC nas aulas. Cómpre un plan de inversións en mantemento informático que permita a actualización dos equipos e redes locais e, no caso de centros educativos cun elevado número de ordenadores, crear a figura de técnico o técnica en informática, que libere o posto de coordinación TIC de funcións meramente técnicas.
- Deberíase tender a conxugar a informatización das aulas coa existencia doutras de informática, garantindo sempre que todas e cada unha delas de todos os niveis educativos estean dotadas de equipamentos informáticos e puntos de conexión á Internet.
- Que os centros educativos teñen que ser quen de ter os seus propios programas STEAM (Ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas) sen estar sempre baixo a tutela das compras feitas pola propia Consellaría, para o cal precisan orzamento e autonomía para adecuar os recursos e incluso a formación ás súas necesidades específicas.
- O establecemento, por parte da Consellaría, dun plan de formación, dirixido a todo o profesorado para o uso das tecnoloxías da información e da comunicación dentro do horario lectivo tentando na medida do posíbel supeditalo a proxectos de centro con profesorado que realice as funcións de mentorización e apoio aos centros que xa están a traballar nunha liña en concreto.
- A redefinición completa do plan Abalar escoitando o profesorado galego, evitando que as editoriais de software se fagan con todo o espazo educativo. O sistema educativo ten que promover a elaboración de materiais propios (abertos e contextualizados), que serán desenvolvidos polo propio profesorado xunto con especialistas, e non substituír un libro de texto en papel por un

«libro de texto» dixital. Ter en conta ao profesorado para adecuar a maqueta Abalar ás necesidades dos centros, en relación á configuración, software instalado, e necesidades específicas.

Xestión democrática dos centros escolares

A CIG-ENSINO defende:

- A supresión do sistema de xestión dos centros e selección de dirección establecido pola LOMCE
- A recuperación da elección democrática dos cargos directivos, potenciando a participación do claustro e do consello escolar.
- O restablecemento do claustro como órgano de goberno do centro, con maiores competencias e coa recuperación de todas as pedagóxicas.
- A restitución das competencias do claustro e do consello escolar que a LOMCE trasladou ás direccións.
- A revisión das competencias das direccións para que asuman as decisións dos claustros e se transformen en representantes dos centros e non só da Administración educativa.
- A elección democrática das direccións nos CIFP e non por libre designación.

Escolarización do alumnado inmigrante e culturalmente diverso

A CIG-ENSINO defende:

- A creación dun servizo de interculturalidade na Consellaría de Educación.
- A elaboración de plans específicos de acollida de alumnado inmigrante e culturalmente diverso. Elaboración dun plan de formación do profesorado.
- A asignación necesaria de recursos aos centros educativos e a dotación de profesorado de apoio suficiente, formado especificamente.
- Medidas orzamentarias específicas, destinadas aos centros que teñan alumnado inmigrante: redución de alumnado por aula, elaboración de recursos e materiais específicos, con atención especial á aprendizaxe da lingua oral e da lecto-escritura, e establecemento dun plan de adquisición do noso idioma e de integración na nosa cultura.

Orientación escolar

A CIG-ENSINO defende:

A dotación de persoal suficiente para que a orientación escolar se contemple en tres niveis: o primeiro nivel, mediante a potenciación da tutoría; o segundo nivel, mediante a xeneralización dos departa-

mentos de orientación nos centros de educación infantil e primaria coa creación do posto de orientador/a en centros de 6 ou máis unidades, catalogando un novo posto por cada 12 unidades máis; o terceiro nivel, mediante o fortalecemento, o aumento e a comarcalización dos equipos específicos e a creación dos equipos de sector para as unitarias e centros incompletos.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

A CIG-ENSINO defende:

- A elaboración dun plan galego para atender as necesidades específicas de apoio educativo.
- A dotación de profesorado, persoal e servizos especializados para atender os nenos e nenas con necesidades educativas especiais e específicas que facilite a total integración e a igualdade de oportunidades para todo o alumnado.
- A dotación suficiente de coidadores/as e profesores/as de PT e de AL en todos os centros, independentemente do número de unidades que teña o centro, cando sexa preciso para atender ás necesidades específicas de apoio educativo.
- A restrición das itinerancias de profesorado de PT e AL, ficando só para casos puntuais.

GALEGUIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A CIG-ENSINO defende:

- A derogación do Decreto 79/2010 de plurilingüismo.
- A escolarización na nosa lingua.
- O establecemento de plans plurianuais de formación para o conxunto do profesorado, co obxectivo de acadar a plena normalización. Estes deberán contemplar, como mínimo:
 - A formación específica en cada unha das materias do currículo, que deberá ser realizada por áreas e centros e comarcalizada en horario lectivo e complementario. Estas actividades deberán ser un instrumento de capacitación do profesorado e de normalización do uso do galego como lingua de docencia, e de uso en todo o ámbito educativo.
 - Programas de formación que estendan o coñecemento da nosa cultura, sociedade, historia, sociolingüística, economía, etc... e incentiven actitudes favorábeis para coa nosa lingua tendo como obxectivo que todo o profesorado sexa un

elemento activo no proceso de normalización lingüística.

- A impartición en galego do mestrado de profesorado. Os contidos deste curso procurarán a conexión entre a nosa realidade e as materias de todos os currículos.
- Cursos para o profesorado que teña unha insuficiente competencia lingüística
- A realización, como mínimo, dunha proba en lingua galega en todos os procesos selectivos e de acceso á función pública, na que o profesorado terá que demostrar competencia oral e escrita.
- Que todas as áreas teñan perfil lingüístico de impartición en lingua galega.
- A dotación dos centros con materiais complementarios, produción videográfica, audiovisual, informática, documental, científica e de carácter comercial, gravacións, etc, e bibliotecas con libros e material didáctico en galego aplicábel a diferentes áreas.
- A publicación de libros de texto e de materiais en galego para todas as materias e establecemento de axudas e convocatorias de licenzas por estudos para a elaboración de material didáctico en galego. Para as materias de obrigada impartición, deberán empregarse materiais didácticos e libros en galego, e así deberá estar explicitado.
- Maior presenza da lingua galega nos graos de orientación, impartíndose en galego, como mínimo, o 50 % das materias.
- Coa finalidade de que estea garantida a docencia en galego nos ciclos de grao medio e superior de FP debe establecerse un mínimo do 50% dos módulos en cada ciclo e modalidades que deben ser de obrigada impartición na nosa lingua.
- O uso de material administrativo e de documentación en galego. O galego será a lingua oficial do centro, tanto para as comunicacións internas como externas, orais e escritas. Isto implica que os cargos directivos do centro deban empregar o noso idioma nas súas relacións coas institucións e coa comunidade educativa e, neste sentido, recollerase nos futuros regulamentos orgánicos dos diferentes tipos de centros.
- Constitución de comisións de coordinación comarcal.
- Elaboración e aplicación dun plan de normalización para o alumnado inmigrante.
- A extensión dos equipos de dinamización e normalización lingüística (EDNL) a todos os centros públicos e apoio técnico para realizar as súas funcións con maiores dotacións económicas e materiais. Creación de equipos a nivel comarcal coa finalidade de coordinar o traballo dos equipos dos distintos centros. Estes equipos deberán

contar cun coordinador ou coordinadora con dedicación horaria para este cometido.

- A redución horaria para o coordinador ou coordinadora de catro horas en centros de máis de doce unidades, de cinco horas en centros de máis de vinte e redución horaria de 1 hora para os/as integrantes do equipo. Apoio técnico para realizar as funcións propias do equipo. Reformulación das súas funcións, competencias e composición, atendendo á complexidade e ao número de alumnado matriculado.
- Unha maior dotación económica xeral e directa para os EDNL, con criterios obxectivos e equitativos. Maior dotación de recursos didácticos e pedagóxicos ao inicio do curso escolar. Resolución da convocatoria de axudas nos 2 primeiros meses do curso.
- A inclusión do 24 de febreiro como Día de Rosalía no calendario escolar coa finalidade de procurar a difusión, o coñecemento e a importancia da obra da nosa autora.

FEMINISMO, COEDUCACIÓN, IGUALDADE, ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA E RESPECTO POLA IDENTIDADE SEXUAL

Ante unha situación social alarmante en canto a sexismo, machismo, violencia machista e lgtbiqfobia, a CIG-ENSINO, como sindicato feminista, considera que se deben de tomar unha serie de medidas educativas urxentes que incidan na erradicación destas lacras. Só tratando de reverter esta situación se pode acadar unha sociedade máis igualitaria e xusta.

A Administración educativa ten unha grande responsabilidade neste tema. Porén, incumpre as normas legais vixentes. Tanto na Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección contra a violencia de xénero (nos seus artigos 6 e 7), como a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 23 e 24), establécese que a Administración educativa «adoptará medidas de protección contra a violencia de xénero», que «adoptará medidas necesarias para que se inclúa formación

específica en materia de igualdade» e que «velará para que en todos os materiais educativos se eliminen estereotipos sexistas ou discriminatorios». Nestes mesmos aspectos redundan outras normas como Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade ou a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I.

Mostra do incumprimento das normas e do desleixo que adopta ante este tema a Consellería de Educación é, por exemplo, o feito de que trate de dar por formado o profesorado incluíndo un cuestionario obrigatorio sobre lexislación relacionada coa coeducación en certas actividades de formación. Por outro lado, tanto os libros de texto como outros materiais curriculares seguen incluíndo contidos discriminatorios e excluindo unha perspectiva de xénero.

É a Consellería de Educación quen segue mantendo modelos de ensino obsoletos nos que se traballa en sentido oposto á coeducación, como é o caso dos centros que segregan por xénero. A diferenza educativa de nenas e nenos perpetúa os modelos tradicionais de feminidade e masculinidade.

Se ben é certo que a Administración educativa fixo unha declaración de intencións no «I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, 2016-20», tamén o é que transcorridos varios anos, constatamos que a maior parte dos centros de ensino descoñecen este plan e nin sequera contan con un plan de Coeducación de centro. A xunta elabora plans para a galería, sen contar con que para levalos a cabo é necesario dotar os centros con máis recursos humanos e económicos que permitan a súa execución.

A CIG-ENSINO defende:

- Unha educación que sirva para recoñecer os diversos mecanismos, formas e procesos que continúan a afianzar os estereotipos sexistas, a discriminación e o maltrato contra as mulleres.
- Un ensino que promova o respecto ás distintas opcións sexuais e aos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais, intersexuais e queer.
- Unha formación en todas as áreas que incida na avaliación da situación de discriminación e violencia que estamos a sufrir as mulleres e que permita artellar mecanismos para superalas.
- Unha formación permanente do profesorado en igualdade de xénero e coeducación, fundamentais para o desenvolvemento humano. Esta for-

mación, tanto específica como transversal, debe chegar a todo o profesorado e debe fomentar actitudes e valores que contribúan a extirpar da nosa sociedade o sexismo, o machismo, a lgbtq-fobia e a violencia machista.

- A revisión do material educativo empregado de maneira que non inclúa contidos que afonden na discriminación por razón de xénero. O material curricular debe ter presentes as mulleres que ao longo da historia contribuíron ao desenvolvemento social, da ciencia e da cultura.
- A eliminación das subvencións a centros que segregar o alumnado por sexos incidindo desta maneira na discriminación.
- O fomento da paridade nos equipos directivos dos centros e nos distintos grupos de traballo e diferentes cargos dos centros educativos. Debe rematar a discriminación da muller na carreira profesional docente.
- A realización por parte da Administración de campañas de sensibilización dirixidas a profesorado e alumnado sobre esta materia.
- A implantación de plans de coeducación en todos os centros educativos cunha persoa coordinadora que teña os recoñecementos que lle correspondan como tal. Estes plans deben incluír, entre outros, aspectos tan fundamentais como a promoción dunha linguaxe non sexista, a desheterossexualización da escola, a revisión do uso de espazos comúns desde unha perspectiva de xénero (tipo de xogos dominantes nos recreos, número de libros de autoras/autores na biblioteca, etc.). Deben incluír tamén propostas didácticas que corrixan as necesidades detectadas.

PROPOSTAS CONCRETAS PARA OS DIFERENTES NIVEIS EDUCATIVOS

Propostas xerais para todos os niveis educativos

- Incremento dos cadros de persoal en todos os centros para poder ofrecer unha mellor atención ao alumnado e mellorar as condicións nas que impartimos docencia.
- Redución da xornada de traballo, cun máximo de 35 horas semanais, con 30 horas de dedicación ao centro cun máximo de 18 períodos de 50 minutos serían lectivos. Nese camiño, restitución

nunha primeira fase, da xornada lectiva de 21 horas no corpo de mestres.

- Dotación de profesorado de apoio, desdobres cando sexa necesario e persoal suficiente que permita facer fronte a todas as necesidades educativas.
- Negociación duns novos regulamentos orgánicos de centros que melloren os actuais.
- Redución da burocracia, con dotación de suficiente persoal administrativo en todos os centros.
- Incremento das reducións horarias sobre o horario lectivo para todo o persoal docente en cargos de xestión (equipos directivos) e coordinación (xefaturas de departamentos, de actividades complementarias e extraescolares, responsábeis de biblioteca, coordinación de formación, tutorías, coordinación e membros dos equipos de normalización e coordinación de ciclos, coordinación de TIC, programas internacionais, etc.)
- Mellorar e ampliar os cadros de persoal para que garantan unha mellor atención educativa e a atención á diversidade que permita facer fronte a todas as necesidades educativas e combater o fracaso escolar.
- Dotación de persoal específico non docente necesario para atender a determinadas funcións e actividades específicas non docentes cando sexan precisos: traballadores e traballadoras sociais, técnicos e técnicas de linguaxe de signos, persoal coidador e persoal para actividades complementarias.
- Redución das ratios de alumnado por aula en todos os niveis educativos e tamén no caso de escolarizarse alumnado de distintos niveis educativos, con necesidades educativas ou que repiten curso.
- Oferta suficiente de prazas escolares públicas para todo o alumnado en todos os niveis educativos.
- Racionalización dos programas e contidos: programación global de todo o ciclo educativo (de 0 a 18 anos) que contemple o medio social do alumnado e procure o desenvolvemento progresivo e integral, acorde coa súa capacidade psicolóxica.
- Desdobres obrigatorios en todas as aulas de lingua estranxeira con ratio completa, fixando unha ratio máximo de 12 alumnas e alumnos.
- Introducción xeneralizada da lingua portuguesa como unha das linguas na ESO, bacharelato e formación profesional (nos ciclos formativos en que se imparten idiomas). Dotación dos centros con materiais didácticos en lingua portuguesa. Consecuentemente, creación dunha listaxe específica de Portugués no corpo de PEs e incorporación desta especialidade nas oposicións, incluíndo convocatorias de cambio de especialidade.

Infantil e Primaria

A CIG-ENSINO defende:

- A planificación e dependencia de toda a etapa de educación infantil da Consellaría de Educación, con oferta suficiente de prazas na rede pública. O segundo ciclo de infantil será obrigatorio.
- A supresión das subvencións e concertos educativos nesta etapa educativa.
- A redución das ratios. En educación infantil, máximo 15 alumnos/as por aula. En primaria, a ratio fixarase nun máximo de 20 alumnos/as por aula, sendo esta reducida a 10 cando se escolarice no mesmo grupo alumnado de diferentes idades ou con necesidades específicas de apoio educativo.
- O horario lectivo do profesorado será, como máximo, de 18 horas lectivas.
- A redución dunha porcentaxe de alumnado por aula por cada repetidor/a e/ou por cada alumno/a con necesidades educativas especiais.
- A catalogación de postos de orientación en todos os centros de EI e/ou EP de 6 ou máis unidades. Catalogarase un posto de apoio á atención das necesidades específicas de apoio educativo por cada 6 unidades, partindo da dotación de especialista en PT nos centros con 3 unidades de Primaria fronte as 4 unidades actuais. En centros de 12 unidades, 1 posto de PT e 1 de AL; en centros de 18 unidades, 2 postos de PT e 1 de AL, e así sucesivamente. En calquera caso, a dotación de profesorado destas especialidades estará sempre garantida nos cadros de persoal cando as necesidades do alumnado así o requiran.
- A dotación de persoal administrativo e de coidadores/as, así como de material pedagóxico e mobiliario mínimo e imprescindible adaptado a estas idades en todos os centros.
- A catalogación de coidadores/as naqueles centros onde se escolaricen nenos ou nenas de 3 anos ou con necesidades educativas especiais que o requiran.
- O alumnado terá garantidos os servizos complementarios e as actividades extraescolares.

Secundaria

A CIG-ENSINO defende:

- A dotación suficiente de profesorado especializado para todas as materias, co obxecto de mellorar a calidade do ensino, evitando así a impartición de afíns, incluíndo nestas os distintos ámbitos.
- Maior dotación de profesorado no centros nos que se imparta FP Básica e materiais específicos

para esta modalidade, así como redución da ratio até un máximo de 10 alumnos/as.

- A redución da actual ratio a un máximo de 20 alumnos/as por aula na ESO e 25 no bacharelato. O alumnado repetidor contabilizarase para establecer os grupos dos centros e diminuírase o número de alumnos/as por aula, no caso de escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais.
- Unha rede de centros que contemple unha oferta axeitada e suficiente de ensinanzas de réxime especial e de educación permanente de adultos.
- A implantación en todo o país dunha rede de servizos de comedores e transporte para o ensino obrigatorio e postobrigatorio e unha política de bolsas para aqueles alumnos e alumnas que queiran cursar estudos que non se ofertan na súa zona educativa.
- Unha oferta ampla de optativas para que o alumnado poda optar en función dos seus intereses e non condicionar o número de optativas que ofertan os centros a que haxa un cadro de persoal suficiente.
- Cadros de persoal suficientes que garantan a atención á diversidade, non ter que compartir centros nin realizar horas extraordinarias. A primeira vacante determinarase a partir de 8 horas. A segunda e sucesivas cubriríanse coa existencia de 12 horas máis, é dicir, con 20 horas. A terceira vacante con 32 e así sucesivamente. Desdobres do horario completo nas áreas en que sexa necesario.
- A catalogación de equipos interdisciplinarios de profesionais da pedagogía, a psicopedagogía ou a psicoloxía cada 12 unidades e dotación de persoal educador social en centros onde sexan necesarios.
- A catalogación de postos de PT e AL en todos os centros en que se imparte ESO.
- O incremento da dotación de persoal administrativo e servizos.
- O límite da temporalidade do profesorado en expectativa, adxudicando destinos definitivos nun prazo máximo de 2 anos desde a superación do proceso selectivo
- Redución da carga burocrática nos centros educativos.

Formación Profesional

A CIG-ENSINO defende:

- Unha nova planificación da FP, baseada en atender ás necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía e contribuír así a fomentar e a desenvolver a nosa base e potencialidade económica, garantindo unha oferta suficiente e diversificada na rede pública.

- Unha oferta suficiente e diversificada de FP para satisfacer a demanda existente, evitando a improvisación constante que se produce cada curso académico.
- A ordenación da oferta de ciclos formativos na rede pública, contemplando, onde haxa demanda, máis dun grupo por ciclo e localidade, atraxendo a decisión de suprimir ciclos até estaren rematados todos os prazos de matrícula e garantindo os desdobres dos módulos profesionais.
- A ordenación dos ciclos formativos que deben axustarse á diversificación do territorio galego, autorizando ciclos formativos con un mínimo de 7 alumnos/as, se é necesario para o territorio e non cumpre os requisitos pola dispersión xeográfica.
- A asunción, pola Xunta de Galiza, de todas as competencias en materia de FP e, consecuentemente, o traspaso da FP continua.
- A eliminación dos concertos educativos na formación profesional.
- A transferencia das competencias á Consellería de Educación para poder crear un catálogo de cualificacións profesionais propio, así como tamén a preservación, como mínimo, da capacidade de configurar o 45% do currículo das CP en Galiza.
- A redución da ratio a un máximo de 20 alumnos e alumnas por aula.
- A prohibición da realización de horas extra na impartición de accións formativas do subsistema de formación profesional para o emprego. Con esta finalidade, deben computarse estas horas para fixar os cadros de persoal nos centros que teñan esa oferta.
- O establecemento dun plan de formación do profesorado, que facilite as estadias en empresas e a asistencia a cursos en períodos lectivos.
- A impartición nos centros públicos do curso de preparación para a proba de acceso aos ciclos medios e superiores.
- O establecemento dunha rede pública de programas de Cualificación Profesional Iniciación, garantindo a súa implantación en todo o país.
- A elaboración e aplicación dun plan de inspección da calidade da oferta formativa dos dous subsistemas de FP, coa creación dun servizo único de inspección, verificación e control.
- A supresión das enquisas de satisfacción, mentres non se proceda á súa reformulación e reorientación.
- A supresión do actual Sistema de Calidade e a apertura dun debate, no que participe todo o profesorado, sobre o sistema de avaliación do sistema educativo onde se poda crear un sistema de calidade que cumpra a función de mellorar o ensino.
- A derogación da lexislación vixente respecto do funcionamento dos centros integrados de FP para recuperar a democracia nos centros, tendo en conta as decisións das súas traballadoras e traballadores expresadas a través do claustro de profesores e profesoras. Elección democrática das direccións. Mantemento do carácter público destes centros.
- A restauración dos períodos lectivos de 50 minutos nos CIFP.
- O rexeitamento do sistema de formación profesional dual en todas as súas modalidades, porque supón unha maior privatización, condiciona a oferta de FP, reduce o cadro de persoal dos centros públicos e comporta destrución de emprego, e non garante a formación do alumnado en todas as competencias do ciclo.
- A eliminación do modelo de FP básica porque pretende segregar o alumnado do ensino obrigatorio e conformar un sistema educativo estratificado, clasista e selectivo porque fixa unhas ratios inaceptábeis, non lle garante ao alumnado o dereito ao servizo complementarios e vai supor unha maior discriminación para o alumnado do rural.
- O aumento do profesorado para crear desdobres nos distintos ciclos formativos que permita ao alumnado con NEE, acadar todas as competencias dos ciclos.
- O restablecemento do módulo de Iniciativa persoal e relacións laborais.

Ensinanzas Artísticas

A CIG-ENSINO defende:

- Arbitrar os mecanismos necesarios para que os centros que impartan as ensinanzas superiores, se así o desexan, podan adscribirse á universidade co obxecto de que o alumnado que remate os seus estudos poda obter o título de grao. A adscripción será o primeiro chanzo para a integración plena das ensinanzas artísticas superiores (EEAASS) na universidade.
- Garantir as competencias e atribucións docentes do profesorado dos corpos de ensinanzas de réxime especial, mentres non se consiga a unificación dos mesmos.
- Unha nova ordenación das ensinanzas de música que supoña transferir os conservatorios municipais á Consellería de Educación.
- A diminución substancial da interinidade do profesorado nestes centros, facilitando o acceso do persoal interino ao funcionario.
- A división do Departamento de Conxunto en dous: Departamento de orquestra, banda e coro e Departamento de música de cámara e conxunto.

- Inclusión da práctica orquestral no currículo do Grao elemental.
- A posibilidade de que os conservatorios podan establecer até dous novos departamentos, ademais dos contemplados no ROC.
- A ampliación ou creación de novos conservatorios, dependentes da Consellaría de Educación, onde sexan necesarios.
- Un máximo de 18 períodos lectivos semanais, incluídas as gardas e titorías e a posibilidade de poder concentrar o horario lectivo en catro días á semana debido ás particularidades destas ensinanzas (horario de tarde, certas actividades artísticas importantes para a formación do profesorado, participación en concertos, etc.)
- A figura dun xefe ou xefa de estudos para o grao elemental.
- A creación da especialidade de director e directora de orquestra nos conservatorios superiores de música.
- Incrementar o número de especialidades nos departamentos de Jazz e Música Antiga.
- Facilitar a compatibilidade entre a docencia e o exercicio profesional artístico, nomeadamente nas ensinanzas de arte dramática.
- Creación de máis Conservatorios Profesionais de Danza no camiño dun Conservatorio Superior de Danza.
- Que todo o persoal que imparte docencia nos cmus superiores cobre o nivel 26, sexan do corpo de cátedras ou do profesorado do música e artes escénicas.
- A consideración das EOI como referentes certificadores oficiais do coñecemento das linguas, evitando así a privatización encuberta neste campo.
- O establecemento dunha ratio máxima de 20 alumnos/as por aula.
- A potenciación e impulso dos programas de intercambio europeos e peninsulares (nomeadamente con outras comunidades con lingua propia e con Portugal), que permitan a mobilidade do profesorado e o alumnado e a práctica da lingua no seu contexto.
- A dotación anual de prazas de lectores/as-axudantes de conversación en todas as escolas de idiomas.
- O dereito á formación para todo o profesorado, incluíndo o das especialidades con menos profesorado (ruso, árabe, chinés, xaponés) e a programación de cursos de formación tamén en horario de mañá.
- A regulación da impartición de cursos monográficos de actualización e perfeccionamento e competencia de idiomas para o profesorado e outros colectivos. En todo caso, deben estar fixados desde o inicio do curso para que non comporten cambios e modificacións nin incidencias no horario das escolas e do profesorado.
- A atención e o recoñecemento das necesidades específicas de persoal (docente e non docente) destes centros, con horarios continuados de 8 a 22 e con xornadas partidas, traballo de tarde/noite, etc.
- Que a autorización e modificacións da oferta de ensinanzas nas EOI sexa axeitada ao réxime de ensinanzas especiais das mesmas e se faga, con carácter xeral, con anterioridade ao inicio das actividades lectivas.
- A impartición nas escolas de idiomas dos niveis C1 e C2 naquelas linguas que o soliciten.
- A elaboración das probas de certificación pola propia Consellaría. Constituiranse grupos con liberación horaria para elaborar estas probas, impartíndolle a este profesorado a formación específica necesaria.

Escolas Oficiais de Idiomas (EOI)

A CIG-ENSINO defende:

- Impartición de docencia a un máximo de 4 grupos, cun máximo de 16 períodos lectivos, coas reducións horarias correspondentes ao desempeño das diferentes coordinacións, xefaturas ou cargos directivos sobre estes períodos lectivos.
- As modificacións da duración dos cursos nos diferentes niveis (básico, intermedio, avanzado), tanto para redución como para ampliación, serán autorizados pola Consellaría previo informe vinculante dos departamentos e da propia EOI.
- A extensión da rede de EOI, mediante a creación de novas escolas e ampliación das existentes, ou tamén utilizando as instalacións doutros centros públicos de ensino, cando sexa preciso.
- A ampliación ou creación de novas escolas de idiomas nas cidades onde sexan necesarias.
- A creación, como mínimo, de escolas de idiomas nos concellos de máis de 25.000 habitantes. Todas as extensións das escolas estábais e viábeis transformaranse en EOI.

Educación Permanente de Adultos (EPA)

A CIG-ENSINO defende:

- A planificación desta modalidade educativa correspóndelle á Consellaría de Educación sen que estea interferida por opcións formativas doutras institucións.
- A planificación, por parte da Consellaría, dun número suficiente de programas de alfabetización e de formación básica, dirixidos á poboación necesitada.

- A formación da poboación galega, por parte da Administración, para que coñeza a súa historia, xeografía, sociedade, natureza e cultura.
 - A creación, nas localidades de máis de 10.000 habitantes, de centros específicos de EPA que impartan todos os niveis de educación permanente de adultos nas modalidades presencial e semipresencial.
 - A impartición nos centros específicos de EPA, como mínimo, dos dous niveis da formación básica inicial e dos dous niveis das ensinanzas de graduación en educación secundaria. Autorización, tamén nestes centros, das ensinanzas de bacharelato na modalidade presencial.
 - A obriga da Consellaría de ofertar en todos os concellos as dúas etapas nas que se organiza a formación básica para as persoas adultas.
 - O regulamento do funcionamento dos centros específicos de EPA, dentro do marco dos ROC de ensino non universitario.
 - O establecemento dun catálogo para os centros específicos de EPA, tendo en conta a totalidade da oferta (presencial, semipresencial e a distancia).
 - Unha oferta de EPA necesaria para facilitarlle esta modalidade educativa ao conxunto da poboación.
 - A dotación nos centros EPA dos recursos materiais e humanos necesarios para desenvolveren o seu labor docente.
- mobiliario, material pedagóxico e didáctico, subministro de auga potábel e luz, etc.
- Máis dun ou dunha docente nas escolas unitarias se o alumnado escolarizado é máis de 15, mentres non se xeneralice a nosa proposta de redución das ratios.

Escola rural

A CIG-ENSINO defende:

- A reestruturación da rede de centros e das zonas educativas a fin de garantir que as crianzas sexan escolarizadas no seu contorno, con servizo de transporte e comedor escolar para o alumnado que o precise.
- A urxencia dunha nova normativa para os actuais centros rurais agrupados (CRA) e a elaboración dun catálogo específico para estes centros que contemple a dotación de especialistas e profesorado de apoio. Todos os centros de menos de tres unidades deberían ser catalogados como CRA.
- O mantemento, conservación e recuperación das escolas rurais. As escolas unitarias manteranse abertas, con criterio xeral, con cinco crianzas, exceptuando aqueles centros que están afastados, que poderán permanecer abertos aínda con menor número de alumnado.
- Todas as unitarias estarán dotadas de calefacción, teléfono e acceso á internet, limpeza diaria, áreas de xogo, aseos adaptados, espazos de recreo cubertos, espazos para psicomotricidade,

